

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Xaneiro - Febreiro - Marzo 2007]

Javier Marqués

XENTES
Somaly Mam

FALAMOS DE
Manifesto en defensa dos espazos públicos

ARTIGOS
Emiliano Balás
Euxenio Granell
José López Bouza

O BNG denuncia:
"A RÍA DE AROUSA É UNHA BOMBA DE RELOXERÍA"

Bieito Lobeira esíxelle á Xunta cumprir co pacto de retirar os depósitos químicos do Ferrazo no porto de Vilagarcía. Pide tamén a eliminación do transporte marítimo de hidrocarburos nesta zona. (GaliciaHoxe .com 15.12.2006).

Temos que dicir:
¡COHERENCIA! Responsables do BNG
que é entón a **RÍA DE FERROL**?

En Punta Promontoiro ten **Forestal del Atlántico** máis de 20 depósitos de produtos químicos e petrolíferos dende hai anos, e agora apoiades (xunto co PSOE e PP) a **Planta de Gas**, ó lado, dentro da ría con dous xigantescos tanques.

É unha máis das herdanzas de **FRAGA, CUIÑA e TOJEIRO**

¡Para chorar! ...



nº 26

E ademais OUTRAS ENTIDADES, SERVIZOS, BREVES, O PARNASO ... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE





RECINOR


"Todo residuo
potencialmente
reciclable
o valorizable
deberá ser destinado
a estos fines,
evitando su
eliminación
en todos los casos
que sea posible"

Art. 11 punto 2, da Ley 10/1998 de abril, de Resiudos (BOE nº 96, de 22/04/1998)

RECINOR nace coa prioridade de paliar un asunto tan crítico como o que supón o vertido de residuos de construcción. Adoptando a única solución posible que existe, o RECICLAXE, a REUTILIZACIÓN e a REDUCCIÓN de dichos residuos, chegamos a colocar máis do 80% do producto de novo no mercado.



SUMARIO



ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do *ATENEO FERROLÁN*

Nº 26

Xaneiro-Febreiro-Marzo 2007

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS e CABECEIRAS
Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Isabel Lodeiro Vales, Juan J. Burgoa, Javier Maseda, Arantxa Serantes, Mª Luisa López Fernández, Eliseo Fernández, Ricardo Pena, José Vázquez Deus, Cristina Meizoso, Eliseo Zaera.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CENTRAL LIBRERA, RECINOR, ACOF, PARADOR DE TURISMO, BANCO ETCHEVERRÍA.

ferrol e "A ILUSTRACIÓN"

A MAGDALENA

centro comercial aberto

AS NOSAS TENDAS



EDITORIAL



ega o tempo da decisión popular. A cidadanía é convocada para decidir quen os vai representar e gobernar nos próximos catro anos.

Nos últimos meses antes dos comicios repítense as mensaxes de todo tipo para atraer a atención e o voto. Ás veces aburren e a pesar de que moitos "pican" e déixanse enganar esquecendo catro anos de inoperancia, erros e omisións, volverán a repetirse os esquemas de sempre, e volverán moitos a seren "convencidos".

Non queremos contribuír á confusión e por riba de todas as consideracións, filosofías e programas pensamos que o máis importante e transcendente é **A VIDA**.

Por iso e con todas as consecuencias apuntamos dúas ideas básicas, directas e irrenunciables:

NIN UN VOTO PARA QUEN NON REXEITE CLARAMENTE
A VIOLENCIA, O TERRORISMO E A EXTORSIÓN
PARA ACADAR OBXECTIVOS POLÍTICOS

- EN **FERROLTERRA**:

NIN UN VOTO PARA QUENES APOIAN
A PLANTA DE GAS DENTRO DA RÍA
OU SILENCIAN O SEU PROGRESIVO AVANCE
FÓRA DAS NORMAS DE OBRIGADO
CUMPRIMENTO, *RAMINP* E *SEVESO II*.

ATENEO FERROLÁN ⌘

INTERNET NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA DO ATENEO FERROLÁN

INFORMAMOS DUN NOVO SERVIZO QUE O ATENEO FERROLÁN DISPÓN NA SÚA BIBLIOTECA-HEMEROTECA.

OFRECEMOS A CONEXIÓN A INTERNET PARA OS **PORTÁTILES** DOS USUARIOS E USUARIAS DA BIBLIOTECA-HEMEROTECA.

CUSTE CONEXIÓN:

1 HORA - 0,50 • PARA OS SOCIOS E SOCIAS

1 HORA- 1,50 • PARA O PÚBLICO EN XERAL




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



Verdegaia. Nº 1
Comisión permanente de Verdegaia



Revista deNeda. Nº 8
Anuario cultural do Concello de Neda
Ed.Concello de Neda
ISSN: 1139-1154

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos.



Imagen y comunicación. Nº 81
Ed. Noroeste de imagen y comunicación
D.L.: C-1874-99



Cervantes. Nº 12
Ed. Instituto Cervantes
NIPO: 500-06-018-5

PRENSA
local, rexional, nacional e internacional

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

Galicia Hoxe

El Correo Gallego

A Nosa Terra

Faro de Vigo

La Opinión de A Coruña


El País

El Mundo


QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:
ANTONIO YAÑEZ, FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS, RAMÓN LOUREIRO, CÍRCULO RACINGUISTA, EDICIÓNS EMBORA

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Natacha e Dimitri
Antonio Yáñez Casal
Ed. Xerais. ISBN: 84-9782-482
Finalista do Premio Merlín 2005




Armas para a república. De Nova York a Ferrol a bordo do "Mar Cantábrico". Xosé Manuel Suárez
Ed. Embora. ISBN: 84-95460-59-9



A oca de Leonardo
Ramón Loureiro; Xaquín Marín (il.)
Ed. Biblos. ISBN: 84-935062-4-9


ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.



Rey y alcaldes. La segunda transición
Ed. Publi Corinti
ISBN: 84-96038-26-2



Os homes só contan até tres
Antón Lopo
Ed. Xerais. ISBN: 84-9782-421-0
Premio Álvaro Cunqueiro de teatro 2004



Faros de Galicia. Historia y construcción de las señales luminosas en un Finisterre atlántico
Jesús Ángel Sánchez García
Ed. Fund. Caixa Galicia. ISBN: 84-95491-38-9

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

VIDEOTECA

con máis de 50 curtametraxes, obras de teatro, documentais, música...
E máis de 200 longametraxes, dende os clásicos ata o cine máis actual





AFESIP
LUCHAMOS CONTRA LA ESCLAVITUD SEXUAL

AFESIP España é unha organización sen ánimo de lucro e pertencente á **Rede Global AFESIP** que existe para combater o tráfico de mulleres e nenos con fins de escravitude sexual, as súas causas e as súas consecuencias, apoiando ás vítimas e traballando para implementar marcos legais e sensibilidades que fagan posible a abolición da explotación sexual.

En prostíbulos e lugares nos que se venden mulleres, traballadores sociais levan a cabo proxectos de prevención de ETS-Sida e investigan casos de tráfico, escravitude ou prostitución de menores para o posterior rescate das vítimas en colaboración coa policía.

Nos nosos centros no Sudeste Asiático asistimos a mulleres e nenas que foron rescatadas da escravitude sexual. Apoiámolas a través dun completo proceso de rehabilitación psicolóxica, médica e social que finaliza coa súa independencia económica.

Desde as nosas oficinas en Camboxa, Tailandia, Vietnam, Laos, Francia, Estados Unidos e España facemos labores de sensibilización e lobby político, intentando concienciar á sociedade da importancia dun compromiso de todas e todos pola fin da Escravitude do Século XXI.

A **explotación sexual** é unha das violacións máis graves dos Dereitos Humanos dunha persoa, xeralmente, muller. A violencia de xénero e os intereses económicos únense para xerar millóns de dólares cada ano no que é xa o segundo negocio ilícito máis frutífero.

A permeabilidade das fronteiras da que goza o crime organizado, a vulnerabilidade da muller nun mundo no que o 70% dos pobres seguen sendo mulleres e a demanda masculina de prostitución únense nun fenómeno consecuencia da explotación sexual: o tráfico de mulleres e pícaras. Cada ano 4 millóns de mulleres son vendidas e compradas. Un millón delas entran na Unión Europea para ser prostituídas. Segundo a Garda Civil, polas nosas fronteiras pasan 300.000 á vez que, cada día e segundo o Instituto Nacional de Estatística, un millón de homes consumen mulleres prostituídas.

En Suecia, Filipinas e Corea do Sur está penado consumir prostitución.

¿Que é a abolición?

AFESIP forma parte das organizacións que, considerando esta situación adhírense ao pensamento abolicionista que sostén que:

· A prostitución é a maior expresión da desigualdade e violencia de xénero, convertendo á muller nun obxecto.

· A prostitución é unha situación á que se ven abocadas maiormente mulleres en situación de vulnerabilidade, con graves consecuencias psicolóxicas, médicas e sociais.

· O prostituidor (cliente) provoca coa súa demanda a existencia dun mercado organizado de mulleres e nenas para a súa utilización como obxectos sexuais.

· O tráfico de mulleres é consecuencia da demanda de prostitución en países onde as mulleres alcanzaron un maior nivel de paridade que non as aboca a esta situación.

As **medidas prácticas** asentadas sobre esta concepción da prostitución levan á implementación de lexislacións que criminalizan ao cliente ou prostituidor e benefician económica e socialmente á prostituída que en ningún caso debe ser criminalizada. Naqueles países nos que se legalizou a prostitución baixo o suposto de mellorar as condicións de vida da muller prostituída aumentou o tráfico, o proxenetismo e a situación das mulleres non mellorou xa que o estigma social non desaparece e, xa que logo, moitas prostituídas non se dan de alta na seguridade social como "traballadoras do sexo".

O traballo de AFESIP empeza nos bordeis, karaokes, salas de masaxes e outros lugares **onde se compra sexo** e onde traballadores sociais fan labores de investigación. Ao mesmo tempo que se

AFESIP

capacita ás prostituídas para que estean máis preparadas ante enfermidades de transmisión sexual ou VIH, recóllense datos sobre o número de vítimas, a súa situación, as súas dificultades especiais... Todos estes datos recompílanse en informes que se presentan ante as autoridades competentes xunto coas que realizamos **redadas dirixidas a sacar ás mulleres e nenas da escravitude.**

A parte de zonas de prostitución, o equipo de AFESIP tamén visita **centros de detención de inmigrantes** en Tailandia ou pasos de fronteira neste país, o principal receptor de escravas da zona. Moitas vítimas, tratadas polas autoridades que as atopan como inmigrantes ilegais, pasan meses en centros deste tipo ata que son retornadas á fronteira máis próxima sen garantías de ningunha clase e sen atención que lles axude a superar as experiencias vividas dentro da prostitución.

Todas as residentes reciben atención médica xa que moitas delas padecen enfermidades de transmisión sexual ou VIH e apoio psicolóxico que lles permita superar os traumas causados pola violencia, as violacións ou as drogas. Ata este momento AFESIP conta con cinco centros en Camboxa e un en Vietnam e espera poder admitir a beneficiarias durante este ano en dous novos centros, un en Laos e outro en Vietnam.

Soas ante a policía, sen ninguén que defenda os seus casos ante os tribunais, **moitas vítimas da escravitude sexual non pode acceder á xustiza**, especialmente en países onde o nivel de corrupción é altísimo e contamina todos os estratos da administración.

O departamento legal de AFESIP reúne probas e testemuñas e xestiona o papelame necesario para que tanto traficantes e proxenetas como pedófilos (moitos deles occidentais) se enfronten aos seus delictos, representando á vítima durante todo o proceso xudicial. Así mesmo, AFESIP defende ás vítimas que son consideradas como inmigrantes ilegais durante os procesos de repatriación e traballa capacitando ás forzas policiais e xudiciais e **elabora propostas de lei antitráfico** que presenta ás autoridades.

O proxecto de AFESIP ten como obxectivo final que mulleres e pícaras poidan alcanzar unha vida independente na que non se reproduzan as situacións de vulnerabilidade que as levaron á escravitude sexual. Para iso é fundamental a educación, todas as residentes acceden a un programa de **alfabetización e cálculo básico** dividido en tres niveis segundo os coñecementos previos da alumna.



"AFESIP Fair Fashion (AFF) es un proyecto de generación de ingresos que ofrece a víctimas del tráfico, la prostitución u otras formas de explotación sexual una alternativa real de reintegración social mediante un proceso sostenible que garantiza su independencia económica.
En nuestros talleres de Camboya y Vietnam se cosen a mano productos de alta calidad en seda y algodón siguiendo los principios del comercio justo".



Logo de curar as súas enfermidades, recuperar a súa autoestima, superar en parte os seus traumas e adquirir habilidades que lle permitan manterse economicamente, aquelas vítimas que o desexan volven coa súa familia e comunidade. Para que isto sexa posible, asistentes sociais de AFESIP visitan ás familias e avalían as posibilidades e as necesidades de reintegración da muller traficada.

Desde un punto de vista económico, as antigas residentes que volven á súa comunidade reciben un paquete con ferramentas e materias primas e, se é necesario, **un microcrédito** para iniciar a súa propia empresa.

Se é posible volver a casa, a muller ou adolescente seguirá recibindo visitas de traballadores da nosa organización durante 2 ou 3 anos para garantir o seu benestar e a sustentabilidade da reintegración.

Non se poderá acabar coa escravitude sexual se non se cambian as estruturas políticas, culturais e económicas que permiten as situacións de vulnerabilidade da muller e que esta poida ser concibida como un obxecto consumible e traficable.

Para iso e paralelamente ao longo proceso de rehabilitación polo que pasan as mulleres ás que AFESIP apoia, os nosos compañeiros realizan charlas, participan en xornadas, seminarios, reunións parlamentarias... levan a cabo recomendacións ás distintas administracións ou denuncias internacionais á vez que deseñan e implementan campañas de sensibilización ou capacitación dirixidas a **implicar a tod@s na loita contra a explotación sexual.**

AFESIP España
www.somalymam.org
C/ Canarias 45,
semisótano
28045, Madrid

Tel: 91 468 09 25
Fax: 91 360 46 35
spain@afesip.org





SOMALY MAM

SOMALY MAM

WWW.SOMALYMAM.ORG

Mam, Premio Príncipe de Asturias de Cooperación en 1998, puxo en marcha o pasado mes de decembro o "Observatorio da loita contra o tráfico internacional de mulleres e nenas con fins de escravitude sexual". Este observatorio ten o obxectivo de impulsar e coordinar accións "permanentes e eficaces" que contribúan á loita contra o tráfico de seres humanos.

«O noso obxectivo é loitar contra o tráfico de mulleres e nenos que son explotados sexualmente».

A asociación que representa Mam, Acción polas Mulleres en Situación Precaria (AFESIP), trata de impulsar por todo o mundo innovadores proxectos para "traballar coordinados para intentar buscar unha solución ao tráfico de mulleres e nenas, dunha vez por todas". "Temos que traballar duramente para axudar a todas as mulleres do mundo que sufran este problema, non só en Camboxa", dixo Mam.

Somaly Mam naceu en Camboxa. De nena foi vendida como escrava en varias ocasións e obrigada a exercer a prostitución para saír da pobreza. Finalmente puido escapar dos seus "donos" e comezou a traballar axudando ás mulleres. Tras permanecer dous anos en Francia, regresou ao seu país en 1995, onde na actualidade vive e dirixe, pese a estar ameazada de morte, a asociación AFESIP, que desde 1996 axuda ás mulleres e nenas vítimas da explotación sexual en Camboxa e outros países asiáticos.

Na súa opinión, a reinserción das pequenas que son prostituídas é "profundamente difícil; temos moita sorte se as familias as aceptan e se non, levámolas a outros sitios onde non coñezan a súa historia". O traballo de AFESIP consiste nun "labor de campo" nos bordeis de Camboxa para acceder ás nenas e mulleres prostituídas e "facerlles crer que teñen dereito a saír de aí".

"O noso obxectivo é loitar contra o tráfico de mulleres e nenos que son explotados sexualmente. Nós centrámonos nas vítimas, e ocupámonos delas dende a A à Z, é dicir, dende que veñen directamente da rúa, dos prostíbulos, até que se reintegran na sociedade" afirma Mam.

A súa persistencia na defensa dos dereitos humanos levou ao Xurado do *Premio Príncipe de Asturias* a outorgarlle o galardón no campo da Cooperación Internacional no ano 1998. Pola súa traxectoria, Somaly Mam recibiu outros recoñecementos, o último o *Premio Pilar Miró* á muller do ano.

SOMALY MAM PUBLICA A SÚA BIOGRAFÍA EN ESPAÑA

A editorial Destino publica en castelán a biografía da presidenta de AFESIP e Premio Príncipe de Asturias, Somaly Mam.

O libro, **O silencio da inocencia**, narra a vida e loita dunha muller marcada pola prostitución. Para a súa presentación a propia autora estivo de visita no noso país despois de que se publicou tamén en Francia, Holanda, Alemaña e Xapón. Esta previsto que se edite tamén en Reino Unido, Suecia e Estados Unidos.

"Chámome Somaly. Bo, máis ben trátase do meu nome actual. E é que, como todo o mundo en Camboxa, tiven varios nomes, xa que un nome non é máis que o resultado dunha elección provisional e un cambia de nome como cambia de vida, se por exemplo a adversidade se cerne sobre unha.

Con todo, esquecín os nomes que levei de nena. De feito, a penas recordo o meu na máis tenra infancia. Non sei gran cousa das miñas orixes e foi a partir de varios recordos como fun reconstruíndo retrospectivamente parte do meu pasado.

Nacín nunha vila chamado Bou Sra, na provincia de Mondolkiri, ao leste de Camboxa, non moi lonxe das altiplanicies de Vietnam, e foi alí onde pasei os meus primeiros anos de vida. Trátase dunha rexión ondulada, cuberta de sabana e selva. As poboacións non son *jemeres*. En Camboxa, adóitaselles coñecer co nome de Phnomg –o que a xente traduce en 'salvaxes'–; pertencen a un moi antigo asentamento de poboación e forman parte, segundo a denominación oficial, das chamadas 'minorías étnicas', expresión que non quere dicir gran cousa. Os franceses chámanlles 'montañeses'. Considérase *jemeres* ás poboacións que se asentaron na gran chaira central e que viven dos arrozais inundados.

Nas montañas e nos outeiros que rodean esta cahira, en cambio, vívese do arroz seco e da recolección de produtos da selva..."

O 30 DE DECEMBRO FOI AXUSTIZADO SADAM HUSSEIN

ATÉ O DIARIO VATICANO O CONDENA: ¡A EXECUCIÓN DE SADAM É UNHA VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS!

«...o asasinato dun culpable non é o camiño para a reconstrución da xustiza e a reconciliación da sociedade...».

O diario do Vaticano, *L'Osservatore Romano*, afirma hoxe que a execución do deposto presidente iraquí Sadam Hussein representa unha violación dos dereitos humanos.

"No panorama dos tristes episodios aos que a recente historia de Iraq habituou lamentablemente á opinión pública mundial, a execución de Sadam Hussein representa, polo modo en que acaeceu e pola resoancia mediática que se lle atribuíu, outro exemplo de violación dos máis elementais dereitos humanos", afirma o xornal oficial do Vaticano.

Para *L'Osservatore*, máis que xestos de prepotencia necesítanse "decisións valentes que saiban marcar un punto de discontinuidade respecto do pasado, tamén o vinculado á ditadura de Sadam, e que estean en disposición de promover a reconciliación e a paz".

O sábado 30 de decembro, tras o axustizamento de Sadam, o voceiro da Oficina de Prensa do Vaticano, Federico Lombardi, afirmou que o "asasinato dun culpable non é o camiño para a reconstrución da xustiza e a reconciliación da sociedade".

ESCRITO DE JAVIER SAAVEDRA, UN DOS AVOGADOS DE SADAM HUSSEIN

No xuízo que se celebrou durante o último ano e medio, sen respectar ningún dos dereitos que protexen a calquera cidadán europeo, contraviñendo todas as normas do Dereito Internacional Penal, Sadam Hussein foi xulgado sen as garantías que prevé o Tribunal de Dereitos Humanos de Estrasburgo e o Dereito Internacional vixente.

Os xuíces cambiáronse en función dos intereses do Goberno. Non se puideron presentar as testemuñas que a defensa pretendía, e tres dos seus avogados foron asasinados por falta de protección.

En ningún caso, os feitos enxuizados, que se produciron durante a guerra Irán-Iraq, pódense considerar como un crime contra a Humanidade, senón en todo caso como un crime detestable se se proba, e con garantías. Para que se considere como un crime contra a Humanidade, fai falta o dolo. Isto é, a intención de exterminar por razóns de raza, relixión ou crenzas políticas e isto non sucedeu.


Pero o máis sorprendente é que hai países membros da coalición e con tropas en Iraq, que á súa vez son firmantes do Tratado da Asemblea do Consello de Europa, e cuxas sentenzas poden apelarse ante o Tribunal de Estrasburgo e que suprimiron a pena de morte do seu Código Penal. ¿Poden estes permitir que se aplique en Iraq o que consideran un acto contrario á cultura e ao dereito Europeo? ¿Alguén consideraría imparcial un tribunal se fose xulgado coas garantías do tribunal que xulgou a Sadam Hussein?

Non hai que esquecer que os Dereitos Humanos son de aplicación universal e que toda persoa polo mero feito de selo é suxeito diso. Tanto o tribunal xulgador iraquí como a sentenza ditada non se caracterizaron polo que nós esiximos aos nosos tribunais en canto a garantías e imparcialidade.

A condena a matar é unha burla e un desprezo á Humanidade e en particular aos europeos que non deben ser cómplices na execución desta sentenza, nin de ningunha que conleve a pena de morte.

A Guerra de Iraq supostamente librouse para converter a Iraq nun país libre e democrático. Nós, os europeos, entendemos que para ser libre e democrático a pena de morte ha de estar abolida e no esquecemento da Historia. Cremos que calquera, indistintamente do crime que cometa, debe ser xulgada con todas as garantías, e se se proba a súa culpabilidade, condenada ás penas de prisión máis altas previstas no Código Penal, pero nunca a xustiza pode ser a vinganza.

A aplicación do Dereito é o que nos diferenza das bestas. Por todo isto pedimos que a Sadam lle fose conmutada a pena de morte e recurriuse para que se celebre un xuízo con todas as garantías, e logo diso, se é atopado culpable, que se lle condene ás penas de prisión previstas, pero nunca á de morte. Aínda que sexa Sadam Hussein, tamén merece ser xulgado como quixesemos ser xulgados calquera de nós. 



10 DE DECEMBRO DÍA DOS DEREITOS HUMANOS

Esta celebración ten a súa orixe na resolución 423 da Asemblea Xeral das Nacións Unidasno, no 1950, na que invita a todos os Estados e organizacións interesadas a conmemorar a aprobación pola Asemblea Xeral da Declaración Universal de Dereitos Humanos dous anos antes.

Motivados polos desastres tan tremendos ocorridos durante a Segunda Guerra Mundial, todos os países tomaron a firme decisión de crear un código moral, ético e sobre todo xurídico que amparase o que desde a Revolución Francesa se recoñecía como os dereitos inaliñables do home.



O home e a muller pasan a ter dereitos a nivel internacional, moitos deles aínda non están de todo desenvolvidos. Ata son de difícil posta en práctica "grazas" aos obstáculos que se empeñan en poñer no seu camiño nacións (entre elas as máis poderosas do Planeta) que nun primeiro momento os subscribiron.

Na mensaxe do Secretario Xeral das Nacións Unidas recálcase a importantísima función que cumpre a educación para os dereitos humanos no mundo:

"Canto máis coñezan os pobos os seus propios dereitos e respecten os dereitos dos demais, maior probabilidade haberá de que vivan xuntos en paz. Só se instruímos á xente verbo dos dereitos humanos poderemos aspirar a evitar a violación deses dereitos e, con iso, aspirar tamén a evitar os conflitos".

IRONÍAS DA VIDA.... O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2006 MORRE O DITADOR AUGUSTO PINOCHET

«Os crimes dos que se lle acusaba supoñen gravísimos atentados contra os dereitos humanos; moito máis graves que os escándalos por corrupción que afloraron recentemente».

Poucos nomes condensan o horror e a desvergoña coa eficacia con que o fai o de Augusto Pinochet, o xeneral golpista e logo ditador despótico e corrupto morto o dez de decembro no Hospital Militar de Santiago de Chile aos 91 anos.

Recentemente, con motivo do seu derrradeiro aniversario, tivo un postrer trazo de humor negro ao difundir un escrito que leu a súa esposa no que, sentíndose "preto do final", manifestaba que non gardaba "rancor a ninguén". Non pedía perdón aos fillos que convertera en orfos, nin aos compatriotas aos que roubara, senón que lles dicía que non lles gardaba resentimento. O seu fillo menor atribuiu esta última enfermidade que o levou á tumba á "presión xudicial" e "persecución" de que estaba sendo obxecto.

Pinochet, que gobernou entre 1973 e 1990, terá un funeral sen honores de ex xefe de Estado e só como ex comandante das Forzas Armadas chilenas (que xa é dabondo e criticable), sen a asistencia da presidenta Bachelet, que sufriu detención e tortura baixo a súa férula e cuxo pai, militar, foi asasinado polos golpistas.

Os crimes dos que se lle acusaba –asasinatos de disidentes na chamada caravana da morte, torturas e desaparicións, secuestros da Operación Cóndor, entre outros– supoñen gravísimos atentados contra os dereitos humanos; moito máis graves que os de corrupción que afloraron recentemente. Con todo, son estes últimos –de furto, malversación e tributarios, relacionados con depósitos de millóns de dólares en contas secretas de bancos estranxeiros– os que iluminan definitivamente a caste do personaxe que o pasado 26 de novembro confesaba amar á súa patria "por encima de todo".

A súa morte líbrao de ser condenado polos tribunais. Aínda en outubro pasado, a Corte Suprema de Chile accedía a que Garzón interrogase a Pinochet e a súa esposa sobre movementos financeiros da parella que poderían ir dirixidos a eludir o embargo de bens para indemnizacións ás vítimas.

Coa súa desaparición, Chile, consolidada hoxe a súa democracia, pon fin ao pesadelo do pasado e esperemos peche definitivamente o capítulo máis cruel e sinistro da súa historia recente.

PREMIOS NOBEL

PREMIOS NOBEL

O escritor turco Orhan Pamuk logra o Premio Nobel de Literatura e Mohamed Yunus, o "banqueiro dos pobres" gaña o Nobel da Paz

O escritor turco Orhan Pamuk foi galardoado co Premio Nobel de Literatura 2006. A Academia destacou do autor: "A busca da alma melancólica da súa cidade natal, descubriu novos símbolos para o choque e o entrelazamento entre as culturas".

Nado o 7 de xuño de 1952 en Estambul, no seo dunha familia acomodada, Pamuk é un dos escritores máis recoñecidos do seu país e a súa obra foi traducida a 34 idiomas.

Tras estudar arquitectura, decidiu dedicarse á literatura e en 1977 licenciouse en Periodismo pola Universidade de Estambul, aínda que nunca exerceu a profesión. Entre 1985 e 1988 residiu en Nova York e traballou como profesor visitante na Universidade de Columbia, antes de regresar á súa cidade natal.

A súa primeira novela foi publicada en 1982, aínda que tivo que esperar tres anos para que a súa obra fora recoñecida a nivel internacional, grazas á novela *El astrólogo y el sultán*. A súa consagración definitiva chegou en 1998 con *Me llamo Rojo*, ambientada no Estambul do século XVI, baixo o reinado do sultán Murad III.

O pasado mes de xaneiro, un tribunal de Estambul arquivou unha causa pendente contra Pamuk polos seus comentarios sobre a morte de kurdos e armenios publicados no diario suízo *Tages Anzeiger*. Pero este intelectual atopa no seu papel político unha especie de castigo. Sempre dixo que é "un escritor que considera a política como un compromiso inevitable, pero que non lle gusta", "Só desexo ser un escritor libre", comentou en máis dunha ocasión.

O primeiro Nobel de Literatura concedeuse en 1901 ao filósofo francés Sully-Prudhome e o último en 2005 ao dramaturgo británico Harold Pinter. Até agora, foron 100 os escritores laureados con este galardón, que non se concedeu en sete ocasións (1914, 1918, 1935, 1940, 1941, 1942 e 1943), coincidindo na maioría de datas coas dúas guerras mundiais.



Orhan Pamuk.- Considerado un vínculo intelectual entre Oriente e Occidente, foi procesado por denunciar a matanza de armenios e kurdos levada a cabo polos turcos en 1915

O bangladeshí Mohamed Yunus e o banco de microcréditos Grameen Bank gañan o Nobel da Paz 2006, segundo comunicou hoxe en Oslo o Comité Noruego do Nobel. Máis de seis millóns de persoas, sobre todo mulleres, beneficiáronse dos microcréditos deste RT: "banco de pobres".

O Nobel da Paz está dotado con 10 millóns de coroas suecas (1,1 millóns de euros) e entrégase, como o resto dos galardóns Nobel, o 10 de decembro, aniversario da morte de Alfred Nobel.


Nacido en 1940, o profesor Yunus propuxo en 1974 unha forma de organización social para as aldeas rurais ás que chamou Gram Sarker (goberno rural). A proposta demostrou ser practicable e útil polo que en 1980 foi adoptada oficialmente polo goberno de Bangladesh.

Despois, creou os microcréditos, créditos solidarios sen garantía, aos máis necesitados para que poidan realizar unha actividade independente e creativa. En 1976, pese á resistencia dos grandes bancos de Bangladesh, Yunus conseguiu fundar o Banco Grameen (banco rural), que en 1983 obtivo a calidade de banco autónomo.

Este "banco de pobres" beneficiou a seis millóns de persoas, propietarias elas mesmas do banco, na súa gran maioría mulleres, que reunidas en grupos de cinco ou máis, solidarias e responsables, conseguen reembolsar 9 de cada 10 dos seus pequenos préstamos en contra do esperado.



Mohamed Yunus.- Os seus microcréditos beneficiaron a máis de seis millóns de persoas



MANIFESTO CIDADÁN EN DEFENSA DOS ESPAZOS PÚBLICOS

Asociación Veciñal de Esteiro "Fontelonga",

Asociación Veciñal de Ferrol-Vello,

Asociación Veciñal de Santa Mariña,

Asociación Veciñal de San Xoan-Bertón,

Asociación Veciñal O Cruceiro de Canido,

Asociación Veciñal "O Rosario - Inferniño",

Asociación San Fernando de Recimil,

Asociación Cultural Fuco Buxán,

Centro Comercial Aberto da Magdalena,

CC.OO Ferrol, Colectivo Veciñal Sartaña,

Esquerda Unida - IU,

Federación de ANPAS de Centros Públicos de Ferrolterra,

Os Verdes - Grupo Verde de Ferrol,

NÓS - Unidade Popular,

Plataforma Ártabra 21,

UGT-Ferrol.

Todas as cidades son, desde a antigüidade, en primeiro lugar, os seus espazos públicos. Espazos de encontro, espazos solidarios aos que toda a cidadanía temos dereito; espazos democráticos que nos igualan, novos e vellos, ricos e pobres, homes e mulleres. Son os espazos públicos o cerne da vida urbana, onde se suceden as festas, as manifestacións políticas, o comercio, o xogo, o deporte, o paseo e o lecer… onde se expresa a nosa identidade colectiva, onde se materializa todo o que fomos no pasado, o que somos e o que queremos ser. Só somos cidadás e cidadáns plenos cando gozamos destes lugares colectivos, abertos e accesibles.

Os espazos públicos son ademais, non o esquezamos, a herdanza máis importante que deixou a historia da cidade, espazos abertos necesarios para a vida, cheos de significado e de memoria. É a nosa responsabilidade deixar estes espazos ás novas xeracións mellor de como os recibimos das nosas nais e pais.

As grandes cidades, as cidades que nos enfeitizan no cine ou cando viaxamos, presumen das súas rúas e prazas, dos seus parques e xardíns, como signo da calidade de vida da que gozan os que alí viven. E non presumen só os seus gobernantes, tamén a cidadanía sente orgullo do seu e o defenden, como o defendemos nós hoxe nesta praza.

Sen embargo, algúns queren facernos crer que a calidade de vida non ten nada que ver co gozo dos espazos públicos. Queren facernos crer que o progreso reside no cemento e nos centros comerciais.

Algúns queren facernos crer que é necesario utilizar os espazos públicos como mercadorías, que se pode vender, e mesmo regalar, o noso capital cidadán. Están empeñados en nos explicar que é necesario poñer, o que é de toda a cidadanía, nas mans de empresas privadas, para que o xestionen como mellor lles conveña.

Preséntannos un mundo ao revés, onde o branco é negro, o negro branco. Un mundo ao revés onde os piratas, como di a canción, son honrados.

Exemplos recentes non faltan. Ameazan con destruír paraxes naturais, con cambiar prazas públicas por centros de ocio privados, con cambiar centros culturais por centros comerciais.

Na praza de España, o Concello de Ferrol está a executar unha obra ilegal nun espazo público, nunha praza. Unha obra ("*hito urbano*" lle chaman, como se a praza non puidese ser un fito urbano sen edificio), que de consumarse suporía hipotecar unha parte do espazo público máis importante da cidade ata dentro de 75 anos. ¿Qué pasará se dentro de dez anos o edificio deixa de ter uso?, ¿teríamos que aguantar a súa ruína durante outros 65 anos ou indemnizar ao concesionario?

Unha obra ilegal que pon en evidencia que mentres a cidadanía ten que cumprir o Plan Xeral, a administración que é garante do seu cumprimento, o Concello de Ferrol, pode pasar olimpicamente do cumprimento desta norma na Praza de España. Din que o fito urbano é legalizable, porque no futuro pódese adaptar o Plan Xeral ao que alí se constrúa. Este goberno municipal está a inventar un novo urbanismo no que son os plans os que se adaptan ás obras e non as obras aos plans. Unha sorte de *Far West*, no que manda o máis forte. Un territorio no que a cidadanía cumpren as normas mentres a administración as adapta á súa conveniencia.

Na praza de España o negocio está claro, máis o beneficio non. ¿Onde está a necesidade de construír un edificio de 21 m de altura, de uso privado, sobre un espazo público?, ¿quen necesita un edificio de oficinas no medio dunha praza cando na cidade hai centos de oficinas baleiras? ¿Quen necesita un novo centro comercial que arruíne o pequeno comercio da Magdalena, un dos recursos máis importantes da cidade? Eles saberán. Nós, dende logo non vemos tal beneficio.

Non Sr. Juncal, non Sr. Evia, non Sr. Pita Romero, non Sr. Juan Fernández. Non queremos que nos sigan roubando o noso patrimonio público. Non queremos un urbanismo que consista na subasta e liquidación do patrimonio público, dos espazos conquistados e mantidos durante anos, xeración tras xeración, co esforzo de todos e todas.

A veciñanza de Ferrol queremos que se reurbanicen as prazas e rúas da cidade, que sexan accesibles e compartibles por toda a cidadanía e non coto privado duns "*negocietes*". Queremos que os espazos públicos de Ferrol sexan máis e mellores. Queremos que a mellora das rúas e prazas, as zonas verdes e deportivas, os xardíns e os parques urbanos sexa a prioridade número un do urbanismo municipal.

¡Non ao edificio ilegal da praza de España, non aos usos privados dun espazo público, Paren as obras Xa!

FORO DE INMIGRACIÓN

FORO DE INMIGRACIÓN

O ATENEO FERROLÁN, representado polo seu Presidente estivo nas XORNADAS DE INMIGRACIÓN E COMUNICACIÓN os pasados días 12, 13 e 14 de decembro en Santiago organizadas polo CLUB INTERNACIONAL DE PRENSA onde entre outras, presentouse o "Decálogo para o tratamento informativo non estereotipado da inmigración".

Consciente da importancia dos movementos migratorios, da obriga moral de acoller a quen precisa de apoio e pulo para establecerse en terra allea, das dificultades das persoas para incorporarse á vida cotiá en sociedades nas que moitas veces se senten excluídas, da desconfianza cara ao descoñecido e do necesario esforzo para coñecérmonos, ademais da solidariedade coas vindeiras xeracións multiculturais para conseguir unha convivencia en harmonía, o **Foro de Inmigración**, amparándose na **Declaración Universal dos Dereitos Humanos...**

> [Artigo 1.- Os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.
>
> Artigo 2.-(1) Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición. (2)Ademais, non se fará distinción fundada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio de cuxa xurisdición dependa unha persoa, tanto se se trata dun país independente coma dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación de soberanía]

... propón a medios de comunicación social, profesionais do xornalismo, gabinetes de prensa e, en xeral, a toda persoa divulgadora de información e de textos científicos e literarios, o seguinte **Decálogo para o tratamento informativo non estereotipado da inmigración**

1.- ¡Coidado cos titulares! Poden ser demoledores

Moitas persoas comezan e rematan o seu proceso lector nos titulares e, polo xeral, só se paran a ler aquilo que lles interesa, lles afecta ou lles chama a atención, de xeito que o que se destaca dun texto é fundamental para formación da opinión pública. Os títulos, a secas, sen a súa contextualización, poden exercer un efecto socialmente demoledor e perverso sobre a percepción das persoas. É responsabilidade dos divulgadores de mensaxes orais e escritas valorar as súas consecuencias e proceder en conciencia.

2.- ¿Español, galego, sirio, coreano? ¿Persoas ou etiquetas?

No caso de que sexa necesario especificala, a procedencia dos protagonistas da noticia debería aparecer suficientemente xustificada para non caer na xeneralidade nin na simplificación informativa. As etiquetas teñen unha forte función semántica e son moi atractivas dado o seu impacto oral e visual. É recomendable o uso medido das palabras para tratar con equidade aos protagonistas das novas. Son prescindibles estructuras do tipo "Dous dos seis asaltantes do tren correo poderían ser magrebís" (¿Quen son os outros catro?). Nese contexto de probabilidade, ¿aportaría algo substancial ese dato? Os autores deberían analizar eses aspectos baleiros de contido antes de divulgalos.

3.- Persoas (nin ilegais, nin "sen papeis" nin clandestinos), só persoas

Os estereotipos comezan co uso inadecuado da linguaxe, mediante a que se espallan e deforman as imaxes dunha realidade que, moralmente, nos obriga a ser solidarios. Independentemente da súa procedencia, a cor da pel, do sexo ou da relixión, as persoas teñen dereitos. Agradécese o desterro de expresións que desmerezan e desvirtúen a condición humana. Termos como "ilegal", "sen papeis" ou "clandestinos", ademais de denigrantes, son léxica e mesmo xuridicamente incorrectos no contexto en que se usan para referirse á situación dos estranxeiros. De ter que usalas, son máis apropiadas e preferibles palabras como "irregular" ou "indocumentado".

Decálogo para o tratamento informativo non estereotipado da inmigración

1.- ¡Coidado cos titulares! Poden ser demoledores.

2.- ¿Español, galego, sirio, coreano? ¿Persoas ou etiquetas?

3.- Persoas (nin ilegais, nin "sen papeis" nin clandestinos), só persoas.

4.- Humanizar implica non "paterizar", non criminalizar, non colectivizar.

5.- ¡Sigan e documenten esa noticia!


6.- Linguaxe e fontes, claves para unha mensaxe responsable.

7.- Desterrar o sensacionalismo.

8.- Resaltar o positivo.

9.- A imaxe, ¿máis eficaz cá palabra?

10.- Démoslles unha oportunidade.



4.- Humanizar implica non "paterizar", non criminalizar, non colectivizar

Consecuencia do uso indebido da linguaxe e da falta de reflexión é a xeralización do discurso xornalístico. Ás veces dá a impresión de que todos os inmigrantes chegan ao país en pateiras, son criminais, proxenetas, prostitúense ou participan en actividades mafiosas. A redacción xornalística, en concreto, tende ás veces, vítima das présas, a interpretar o conxunto en función dos efectos producidos pola parte, de tal xeito que non é raro que se identifique unha determinada nacionalidade con aspectos sórdidos ou delitivos. Os inmigrantes non son, per se, nin mafiosos nin terroristas, como tampouco o son os italianos, os bascos ou os irlandeses por viviren en sociedades ameazadas pola extorsión ou a violencia. Nun estado de dereito só se é convito cando se proba legalmente o delicto cometido.

5.- ¡Sigan e documenten esa noticia!

Elaborar informacións veraces require documentarse e apoiarse en datos sólidos e equilibrados, o que non sempre resulta doado. Os autores, profesionais ou non do xornalismo, deberían coidarse de non se converter tamén en vítimas. As novas da inmigración adoitan ser case sempre negativas e relátanse con abundantes termos discriminatorios. Coas modernas tecnoloxías é sinxelo contrastar e seguir as noticias para asegurar os contidos, o que reforza o traballo propio do autor.

6.- Linguaxe e fontes, claves para unha mensaxe responsable

Axencias de noticias e gabinetes de comunicación son fontes comúns nas Redaccións dos medios de comunicación, que en moitos casos actúan coa mesma présa que os propios xornalistas. Do mesmo xeito que se le a información para reelaborala e publicala, deberíase comprobar a linguaxe para, sen desvirtuar a mensaxe, evitar expresións que contribúan a denigrar a imaxe das persoas. Sería o caso de descricións como "un individuo de aspecto cetrino y desaseado", que non achegan ningún dato obxectivo. Consideraríase positivo que as Redaccións periodísticas contasen con editores formados en cuestións de estranxeiría e que os xornalistas se provesen de fontes e informadores introducidos nos colectivos de residentes estranxeiros, aos que recorrer como soporte para un mellor desenvolvemento do labor profesional. A diversificación das fontes favorece tamén a diferenciación informativa.

7.- Desterrar o sensacionalismo

Afirmacións como "El rechazo a la integración y un elevado paro convierten los guetos en potenciais focos terroristas" non só parecen indemostrables, senón que causan temor e desconfianza, ademais de ser inxustos, porque moven á xeneralización e ao tratamento estereotipado dos estranxeiros, mesmo dos sectores máis vulnerables desta poboación, cuxa indignada reacción pode motivar efectos coma os que se tratan de evitar. As mellores noticias adoitan ser sensacionais, non sensacionalistas.

8.- Resaltar o positivo

Organismos internacionais, institucións políticas e sociais, asociacións e millóns de persoas consideran que os movementos migratorios son positivos polos aportes demográficos, sociais, culturais e económicos que xeran os seus protagonistas. Informar dos beneficiosos efectos e dos actores que o fan posible é tan obrigatorio para un xornalista coma informar do contrario. O papel da muller na sociedade de acollida, a escolarización dos rapaces e a formación universitaria dos mozos, a convivencia multicultural ou o fortalecemento de sectores laborais en declive son factores que contribúen aos cambios sociais que se están a producir, moito máis decisivos para o futuro do país que os negativos, nada estraños, por outra parte, á actividade humana en calquera parte do mundo, mesmo nas sociedades máis civilizadas.

9.- A imaxe, ¿máis eficaz cá palabra?


Poucas cousas son máis eficaces para transformar a realidade que as imaxes. Se a linguaxe é importante para o tratamento da inmigración, as imaxes gráficas tamén o son. Ás veces, máis. O profesional debe asegurarse de que as que utiliza responden á realidade e non afectan ao honor nin a dignidade das persoas. As fotos de arquivo son un risco para calquera individuo ou colectivo, polo que, sempre que sexa posible, as fotos deben ser tomadas no día e estar directamente relacionadas cos protagonistas. Se non fose posible, é mellor non publicalas e optar por unha ilustración alternativa (infográfica), se a información debe, necesariamente, levala.

10.- Démoslles unha oportunidade

A migración é unha realidade. Millóns de persoas desprázanse polo mundo por múltiples motivos. Negar aos galegos dereitos en calquera parte do globo é tan insolidario como negarllos a un non galego en Galicia. Todos, esteamos onde esteamos, temos dereito a vivir dignamente, pero tamén a ser recoñecidos na diferenza e a ser tratados con respecto. A linguaxe e o tratamento informativo do fenómeno mundial da inmigración son fundamentais nunha sociedade xusta. O xénero humano é migrante desde o principio dos tempos e a sociedade actual, unha consecuencia da mestura de experiencias comúns, das que se teñen producido grandes e beneficiosos avances para todos. Escribir e falar sen prexuízos sobre os actores dese fenómeno é a mellor maneira de facelos responsables das súas obrigas como cidadáns e de darlles a oportunidade que buscan e merecen.

Data de publicación: 30-outubro-2006

«Todos, esteamos onde esteamos, temos dereito a vivir dignamente, pero tamén a ser recoñecidos na diferenza e a ser tratados con respecto».



CENTENARIO DO NACEMENTO DE JENARO PÉREZ VILLAAMIL

3 FEBREIRO 2007

FERROL
1807

MADRID
1854



Pérez Villaamil é un dos grandes representantes do paisaxismo romántico español.

Na súa nenez iniciouse no debuxo topográfico xunto ao seu pai, profesor desta materia no colexio militar de Santiago de Compostela. Proseguiu os seus estudos no de San Isidro de Madrid, onde se trasladou a familia; pero non tardou en abandonala para ingresar no exército. En 1823, cando era alférez de estado maior, foi ferido en combate contra as forzas do xeneral Lauriston, en Sanlúcar La Mayor e conducido prisioneiro a Cádiz.


Abandonada a carreira militar e xa entregado de cheo á de pintor, pasou a Porto Rico, onde estivo de 1830 a 1832, data en que reapareceu en Madrid, adscrito ao faladoiro romántico de "O Parnasillo". Coñeceu a David Roberts do cal recibiu o influxo dos grandes acuarelistas británicos, a historia desvelou tamén que o pintor, no seu estudo da rúa Atocha, tiña algún cadro do inglés, ademais de láminas doutros artistas británicos.


Realizou viaxes por España en busca de paisaxes pintorescas e de vestixios monumentais do pasado, a partir dese momento, o pintor transformará as súas obras enchéndoas de referentes arqueolóxicos e costumistas. Froito destas viaxes foi a obra *España artística e monumental* que se publicou en Parides de 1842 a 1844 con textos de Patricio de la Escosura e grandes láminas de Villaamil.

Ás veces, como ocorre no conxunto de debuxos denominado *Cuaderno de Madrid* do Museo Municipal de Madrid e en os Apuntes de Alcalá, o pintor reflicte edificios que van desaparecer como resultado da desamortización de Mendizábal de 1836 ou das grandes reformas urbanísticas que se acometen no século XIX. A xulgar por algúns debuxos e acuarelas da súa man, viaxou por Grecia, Turquía e Exipto. En 1835 ingresou na Academia de San Fernando, da cal foi profesor de paisaxe e, posteriormente director. Foi pintor de cámara de Isabel II.

Máximo representante romántico da pintura de paisaxe, o artista inclúe nas súas obras o elemento humano mediante distintos personaxes ocupados nas súas tarefas habituais ou deambulando ociosos polas rúas. Estas escenas plasmounas nuns apuntamentos tomados do natural nas viaxes que realizou por España ou polo estranxeiro. A súa representación de edificios e espazos urbanos reviste, así mesmo, un interese excepcional.

Convértese así en importante testemuña do tempo que lle tocou vivir. Morreu o 5 de xuño de 1854. Os seus restos repousan na sacramental de San Xusto en Madrid. Deixou unha obra copiosísima.





MIGUELANXO PRADO DIRIXE *DE PROFUNDIS* NOMINADA Ó PREMIO GOYA Á MELLOR PELÍCULA DE ANIMACIÓN

O debuxante galego Miguelanxo Prado, creador de ***Trazo de tiza***, ***Quotidianía delirante*** e ***Fragmentos de la enciclopedia Délfica***, e que até agora traballaba para Spielberg na serie de deduxos animados "Men in Black", presentou o seu proxecto ***De profundis***, a primeira película feita de pinturas ao óleo animadas, que se estreou o mes de outubro do 2006 nas salas de cine.

De profundis é unha grande metáfora de 75 minutos, un poema visual e musical, como declarou o propio Prado. O filme non ten diálogos, unicamente poesía en *off* e a música de Nani García. Por iso, o director engade que a película "non quere convencer, senón suxerir. Non pretende impoñer a súa realidade ao espectador a través do prodixio técnico, senón conseguir a súa complicidade sentimental e estética". "A quen lle aburra contemplar un atardecer durante 10 minutos, lle resultará tediosa a película", avisa o debuxante.




O título ***De profundis***, que nada ten que ver coa novela epistolar de Oscar Wilde, alude ao lugar onde se sitúa a película: o fondo do mar. O argumento, que apenas serve de escusa, conta que un pintor viaxa como mariñeiro nun pesqueiro.

Cando se desencadea unha tormenta, e unha onda xigantesca afunde a embarcación, a muller do pintor, dende a soidade da súa casa, intúe e presaxia a traxedia. O filme é "un paseo onírico dun persoaxe a través dunha historia de amor alterada polo seu mundo creativo. E é unha homenaxe ao mar, a nosa reserva de vida e esperanza, e símbolo dos nosos pesadelos e soños".

Farto de traballar para outros e de ter que adecuar os seus debuxos a bocetos doutros debuxantes, Miguelanxo libérase en ***De profundis***. "Até agora tiña a frustración de ter que renunciar ao meu propio estilo, adecualo ao de outros 100 debuxantes en trazo ou en colorido. E eso é o que vencín en ***De profundis***, na que son eu. Se algo está mal, o responsable son eu. Pode parecer un experimento de laboratorio, pero eu reivindico espazo para novas experiencias narrativas e visuais".

A preestrea foi no Pazo da Ópera da Coruña, co acompañamento en directo da Orquestra Sinfónica de Galicia.





A OBRA *VIAXE A LIBUNCA*, DE ANTONIO YAÑÉZ CASAL, GAÑADORA DO PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL "RAÍÑA LUPA"

27/11/2006.

O escritor ferrolán Antonio Yáñez Casal, coa súa obra *Viaxe a Libunca*, foi elixido hoxe como gañador da VI edición do premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Raíña Lupa", convocado pola Deputación da Coruña.

O presidente da Deputación explicou que o xurado decidiu premiar o texto de Antonio Yáñez porque "é unha obra dirixida a un lector adolescente, na que resoan ecos cunqueiráns. Construída cunha linguaxe que evidencia unha estimable ambición literaria e vocación de estilo".

Fernández Moreda afirmou tamén que o premio ten como obxectivo "fomentar a creatividade fabuladora dirixida ó mundo dos nenos, facendo ao mesmo tempo unha homenaxe á Raíña Lupa, personaxe de lenda e dos contos populares de estreita relación coas terras de Compostela".

Pola súa banda, o portavoz do xurado, Xavier Senín, dixo que a obra de Antonio Yáñez Casal "é unha viaxe iniciática a Libunca, o país dos mortos. Trátase dunha obra que non só é para o público infantil e xuvenil, senón tamén para o público adulto".

O xurado elixiu como finalista do certame a obra *Ke_Tumba Ke _Tamba*, do lugués Xerardo Quintiá Pérez.

O gañador

Antonio Yáñez Casal vive en Ferrol, cidade na que naceu no ano 1959. Boa parte das súas vivencias están tamén ligadas á vila de Cariño, de onde é a súa familia.

No eido da literatura foi por dúas veces finalista do Premio Raíña Lupa de literatura infantil e xuvenil, convocado pola Deputación Provincial da Coruña; a primeira na edición do ano 2000 coa obra *Don Cosme e o telegrama amarelo*, publicada en 2004, e a segunda, na edición do ano 2004 con *Crisóstomo o alifáfaro*, publicado por Galaxia en 2006.

Así mesmo e como xa publicabamos no número 25 de *Atenea*, en 2005 foi finalista do Premio Merlín de literatura infantil e xuvenil, convocado por Edicións Xerais, con *Natasha e Dimitri*.



A SEDE DO ATENEO

Queridos Socios e Socias:

Lembraredes a ilusionante noticia publicada na ATENEA nº 15 do 2º trimestre do ano **2004** (páx. 15) titulada *"UN ATENEO PARA O SÉCULO XXI"*.

Esa reportaxe respondía á aceptación, aprobación e pago dun proxecto para a restauración, remodelación e posta ao día dos edificios 202-204 da rúa Magdalena (que xa ocupamos) con destino a unha nova sede para o ATENEO FERROLÁN, respectando un espazo para os tamén "inquilinos", a asociación DYA.

Esta información pública contou coa aceptación expresa do Concelleiro de Urbanismo, Pita-Romero, quen me asegurou que estaba todo en regra e que nos próximos meses ... empezarían os trámites de licitación das obras.


Estabamos nos primeiros meses de 2004 e había partida presupostaria da Xunta de Galicia para esta actuación.

Estamos no 2007, pasaron moitas cousas aínda que non quixemos darlles demasiada publicidade: noticias na rúa, noticias na prensa, acomodación doutras Entidades no edificio do Ateneo, entrevistas persoais co arquitecto, cos concelleiros e carta/dossier con visita directa ao Alcalde pedindo amparo.

Simplificando e chegando ao final, polo momento, transmítovos –tentando ser fiel ó escoitado– as palabras do Alcalde en contestación a este tema:

"... yo (Juan Juncal) no tengo claro que el Concello tenga que seguir aportando un espacio y dineros para una asociación privada como es el ATENEO ..., cuando el Ayuntamiento está necesitado de locales para realizar su actividad ... Ya sé que tenéis una concesión hasta el 2011 ... pero la remodelación? el proyecto realizado (y pagado) puede hacerse pero con otro reparto ...?"

O Presidente



FERNANDO MARÍAS, PREMIO ESTATAL DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL POR *CIELO ABAJO*

O escritor e xornalista Fernando Marías obtivo o *Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2006 (Castelán)*, que concede o Ministerio de Cultura, pola súa obra *Cielo Abajo,* un texto histórico co que este autor tamén gañou o II Premio Anaya de Literatura Infantil y Juvenil (Castelán).

Fernando Marías (Bilbao, 1958) ademais de ser un novelista de éxito, con numerosos galardóns, é tamén realizador publicitario e guionista de cine e televisión.

A novela ganadora sitúase en novembro de 1936, cando as tropas do xeneral Franco dispoñíanse a lanzar o asalto definitivo contra Madrid. A rendición parecía inevitable e ata algúns xornais estranxeiros apresurábanse a preparar a primeira plana do día seguinte, pero, contra todo prognóstico, a cidade resistiu. E a trama do libro céntrase precisamente en resolver e "contar a verdade" do que ocorreu aquel 7 de novembro de 1936.

Unha novela histórica para mozas e adultos e "unha homenaxe a Madrid e a todos aqueles homes e mulleres que, a pesar da vertixe da guerra, nunca perderon de vista o verdadeiro sentido da palabra lealdade", dixo o escritor. "Estou moi contento e emocionado, nin sequera sabía que estaba entre os finalistas, pero me alegro moito por min e pola obra", engadiu.

Marías considera que esta obra vai destinada especialmente aos mozos, "porque neste momento de tanto historiador falso, de tanta manipulación da verdade, de atizar con sombras escuras a verdade, ata chegar a dicir que non houbo un golpe militar, que a República non era lexítima e que foi algo caótico e corrupto e que tivo que chegar Franco para salvarnos, son os mozos os que máis poden padecelo e aos que máis se lles pode confundir".


"Os mozos son as verdadeiras vítimas desta conspiración. Estáseos enganando e confundindo e iso é moi perigoso. Cando vou por algún instituto explicando o libro ou dando charlas, doume conta das dúbidas e a confusión que teñen. E hai que contar a verdade e respectala para que a historia non se repita", recalcou este autor.



Entre os premios que Fernando Marías posúe destaca o premio Nadal en 2001, con *El niño de los coroneles*; o premio Ateneo de Sevilla, en 2005, por *El mundo se acaba en dos días*; en 1991 premio Novela Curta de Barbastro por *La luz prodigiosa* e en 2005, o premio Dulce Chacón de narrativa por *El invasor*.

Outras obras súas de literatura xuvenil son *Los fabulosos hombres película*, *El vengador del Rif* e *La batalla de Matxtxako*.


O xurado que fallou este premio, dotado con 15.000 euros e que concede o Ministerio de Cultura para distinguir unha obra de autor español, escrita en calquera das linguas oficiais do Estado e editada en 2005, foi presidido polo director xeral do Libro, Rogelio Branco. E estivo formado por Antonio Mingote, Rosario Alvarez Branco, Sara Moreno, Itziar Zubizarreta, María José Olaziregi, Antoni J. Colom, Felicidade Orquín, José Manuel Gómez Rodríguez e Antonio Rodríguez Almodóvar, gañador da pasada edición.





"VIAJES PACO" ACADA O "Q" DO INSTITUTO PARA A CALIDADE TURÍSTICA ESPAÑOLA. UNHA DISTINCIÓN DE PRESTIXIO QUE PREMIA TODA UNHA TRAXECTORIA DE EXCELENTES SERVIZOS.

Os nosos parabéns a todos e a todas os que integran esta firma, e dun xeito especial a José Anca e a súa filla Elena.



ACTOS DA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA ANO 2006











CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Benquerido socio e socia:

Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará no Salón de Actos da nosa entidade, o mércores día 5 de marzo ás 19,30 horas en primeira convocatoria e ás 20 horas en segundo, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior.
2.- Informe de xestión da Xunta Directiva saínte.
3.- Informe económico da Xunta Directiva saínte
4.- Rogos e preguntas
5.- Elección da nova Xunta Directiva

O proceso electoral rexirase polo establecido no Capítulo XI dos Estatutos segundo o seguinte calendario:

22 de xaneiro	- Convocatoria de Eleccións
26 de xaneiro	- Último día para posible impugnación da Convocatoria de Eleccións
29 de xaneiro	- Último día para Constitución da Mesa Electoral
8 de febreiro	- Último día para presentación de Candidaturas
12 de febreiro	- Último día para proclamación de Candidaturas
15 de febreiro	- Inicio da Campaña Electoral
5 de marzo	- Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria
	- Elección da nova Xunta Directiva

No período da Campaña Electoral (entre os días 15 de febreiro e o 2 de marzo) tódalas Candidaturas poderán utiliza-lo Censo de Socios/as, así como dispoñer das dependencias do Ateneo Ferrolán para desenvolve-la súa campaña.

Sen máis e agardando a túa asistencia, recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva,

Asdo.- ELISEO ZAERA RÍOS
Presidente



MARTES DE CINE

Para o primeiro trimestre do 2007, dende o **Ateneo Ferrolán** propoñémosvos dous ciclos de Cinema. O primeiro trata sobre os Problemas Socias dende diferentes perspectivas e o segundo céntrase no tema da Muller.



9 de xaneiro-“FELICES DEZASEIS” de KEN LOACH

Intérpretes: Martin Compston, Annmarie Fulton, William Ruane · **Duración:** 109' · **Ano:** 2002 · **Sinopse:** Liam vai cumprir dezaseis anos nuns días. Jean, a súa nai, sairá da cadea a tempo para o seu aniversario, e el soña con que agora terá unha vida familiar normal e feliz. Esto supón crear un lugar seguro para a súa nai, a súa irmán Chantelle e para el mesmo, fóra do alcance de vagos como Stan, o novio de Jean, e do seu propio avó, un ser mesquiño. Pero para iso antes ten que conseguir diñeiro, o que é toda unha fazaña para un adolescente sen cartos. Os disparatados plans de Liam non tardan en metelo en toda clase de problemas, relacionados con drogas e mafias. Ao darse conta de que a situación se agrava perigosamente, Liam é consciente de que debería irse, pero quizabes esta vez sexa demasiado tarde...

16 de xaneiro-“PARADISE NOW” de Hany Abu-Assad

Intérpretes: Kais Nashef, Ali Suliman, Lubna Azabal · **Duración:** 98' · **Ano:** 2005 · **Sinopse:** Dous mozos palestinos, amigos dende a infancia, son reclutados para inmolarse nun atentado suicida en Tel Aviv. Despois de pasar unha última noite coas súas respectivas familias e sen poder despedirse delas, átanlles bombas ao corpo e lévanos até a fronteira con Israel. Pero as cousas non saen como se esperaba e acaban por separarse. Cada un deberá enfrontarse ao seu destino e as súas convicións.



23 de xaneiro-“LAS RAZONES DE MIS AMIGOS” de Gerardo Herrero

Intérpretes: Marta Belaustegui, Joel Joan, Sergi Calleja, Lola Dueñas · **Duración:** 105' · **Ano:** 2000 · **Sinopse:** Santiago, Marta e Carlos. Trintañeiros, amigos de sempre. Están nese momento da vida en que hai que empezar a sentar a cabeza. Os ideais e os soños de antano parecen diluirse na realidade do día a día. A súa amizade é posta a proba cando Carlos lles pide diñeiro prestado para sacar adiante o seu negocio. Eles, en honor á amizade, préstanlle a cantidade requerida.

30 de xaneiro-“LA SUERTE DORMIDA” de Angeles González-Sinde

Intérpretes: Adriana Ozores, Félix Gómez, Pepe Soriano · **Duración:** 103' · **Ano:** 2003 · **Sinopse:** Amparo, unha muller que foxe da dor causada por unha trumática pérda no pasado, refúxiase nunha perfecta burbulla de rutina, de traballo e vida sen sobresaltos, até que se ve empuxada a defender un caso xudicial de indemnización por morte en accidente laboral. Este proceso, do que nun primeiro momento trata de fuxir, acaba por converterse nunha obsesión que a devolve ao mundo dos 'vivos'.



6 de febreiro-“EL GRAN DICTADOR” (1940) de Charles Chaplin

Intérpretes: Charles Chaplin · **Duración:** 113' · **Ano:** 1940 · **Sinopse:** Un clásico de Charles Chaplin aclamado no ano 2000 como unha das mellores comedias xamais realizadas. Estados Unidos non entrara aínda na II Guerra Mundial, cando Chaplin dirixiu “El Gran Dictador”, interpretando un dobre papel como o ditador Hynkel e un humilde barbeiro xudeo que ignora que outra persoa fisicamente igual erixiuse ditador do país. Chaplin retrata coa súa orixinal ironía a ascensión ao poder do réxime fascista con escenas conmovedoras dos guettos. Resulta inolvidable a escena do baile cun globo de Hynkel e a interpretación de Jack Oakie como Mussolini.

13 de febreiro-“JUAN NADIE” de Frank Capra

Intérpretes: Gary Cooper, Barbara Stanwyck, Edward Arnold · **Duración:** 123' · **Ano:** 1941 · **Sinopse:** Unha carta publicada na última columna que debe escribir a periodista Ann Mitchell, e que asina ela mesma como “Juan Nadie”, anunciando o seu inminente suicidio propicia que o periódico se vexa obrigado a crear a Juan nadie. Para iso utilizan a un pobre xogador de béisbol mediocre. O que empezou como un xogo alcanza proporcións de traxedia e un final inesperado.



20 febreiro - CARNAVAIS

27 de febreiro-“PODER ABSOLUTO” de Clint Eastwood

Intérpretes: Gene Hackman, Clint Eastwood, Ed Harris · **Duración:** 116' · **Sinopse:** Luther Whitney é testemuña dun asasinato mentres se atopa nun lugar onde nunca debería ter estado, presenciando aquilo que xamais debería ter visto. Agora, ¿quen crerá na súa palabra? ¿quen confiará en Luther Whitney cando declare que presenciou o brutal crime dunha muller que implica directamente ao propio Presidente dos Estados Unidos?.

6 de marzo-“LAS MUJERES DE VERDAD TIENEN CURVAS” de Patricia Cardoso.

Intérpretes: América Ferrera, Lupe Ontiveros · **Duración:** 83' · **Sinopse:** Ana ten 18 anos e un futuro brillante. Está a punto de acabar os estudos de secundaria e coñeceu a un mozo ao que lle gusta tal como é. Ana é a primeira da súa familia que pode atreverse a soñar con ir á Universidade, pero a súa educación modesta nun barrio do Este de Los Ángeles, e a lealdade que sinte pola súa familia a reteñen. Carmen, a súa nai, traballa nun taller de costura. Tivo unha vida moi dura e pon todas as súas esperanzas en Ana para que esta lle de os netos que ela cree merecer. Carmen ten boas intencións, mais subestima o carácter de Ana e as súas gañas de cambiar de vida.



13 de marzo-“OSAMA” de Siddiq Barmak

Intérpretes: Marina Golbahari, Arif Herati, Zubaida Sahar · **Duración:** 83' · **Sinopse:** Unha nena de doce anos e a súa nai perden o seu traballo nun hospital cando o réxime talibán faise co poder en Afganistán. Imposibilitadas tamén para saír á rúa soas, xa non hai baróns vivos na súa familia, a nai decide facer pasar á nena por un mozo. A rapaza agora, chamada Osama, terá que facer fronte a todos os problemas para que ninguén se de conta da súa verdadeira identidade.

20 de marzo-“THIRTEEN” de Catherine Hardwicke

Intérpretes: Evan Rachel Wood, Holly Hunter, Nikki Reed · **Duración:** 101' · **Sinopse:** A historia conta a transformación dunha nena que aínda xoga con monecos e que no último ano do instituto entra cunha doses de sensualidade. A pesares de todo Tracy tan só ten trece anos e vive un torbellino de emocións no que todo o que fai, todo o que di, todo o que quere, parece ser o mais importante do mundo, e... aínda ten toda a vida por diante.

27 de marzo-“MI VIDA SIN MI” de Isabel Coixet

Intérpretes: Sara Polley, Scott Speedman, Deborah Harry · **Duración:** 108' · **Sinopse:** Ann ten 23 anos e vive co seu home e as súas dúas fillas nun remolque nun suburbio de Vancouver. A súa vida da un xiro radical cando o seu médico lle di que tan so lle quedan un par de meses de vida. Dende ese momento fai unha lista coas cousas que lle gostaría facer antes de morrer e tentará vivir o que lle queda coa maior paixón posible. Desta forma chegará a desenvolver un amor pola vida que nunca antes tiña experimentado.

As proxeccións terán lugar todos os MARTES ás 19 h. no salón de actos do Ateneo Ferrolán.

PRÉGASE PUNTUALIDADE



CLUB DE LECTURA



Tódolos primeiros Martes de cada mes
9 de Xaneiro · 6 de febreiro · 6 de marzo
ás 19,30 horas.

Encontros coa LECTURA, baixo a coordinación de ÁNXELES SEOANE

Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

Todos os **MÉRCORES**

TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes

AMICOR ás 20 horas.

Xoves día **4 de xaneiro** ás 19 horas:

CINEMA INFANTIL:

KENAI* e *KODA, irmau URSO
en galego –portugués.
Organiza a Fundaçom Artabria.

5 de Marzo

ASEMBLEA XERAL

ELECCIÓNS no ATENEO FERROLÁN

As 19,30 horas en primeira convocatoria
e ás 20 horas en segunda.

7, 8 e 9 de Marzo

XORNADAS MOBBING

Acoso Laboral no Traballo:
MULLER

EXPOSICIÓNS:

Até o **31 de Xaneiro**

Exposición-Instalación:

SAVIA - FOLIO
de LAIS

Unha instalación do ferrolán Brais García Gen, LAIS, para lembrar a orixe vexetal dos libros.

XANEIRO-FEBREIRO-MARZO 07
(1ª PLANTA):
EXPOSICIÓN PERMANENTE FONDOS PROPIOS
VARIOS ARTISTAS:

Segura Torrella
Carmen Chacón
Manuel Patiña
González Collado
Jorge Llorca
Garaizábal
Morquecho
Laxeiro
Correa Corredoira
Sabela Arias
Paloma Jaén
Juana Prieto
Juan Galdo
Mª Manuela
Carlos Villaamil
Xan Xosé Braxe
José Leyra Domínguez
Tomás Barros
Ricardo Pena
Luis Jaime
Spella Trobec
Luis Rapela
entre outros moitos

III EXPOSICIÓN COLECTIVA DE OBRAS DE PEQUENO FORMATO

Do 15 de Decembro de 2006
ao
10 de Xaneiro de 2007
nas salas do Ateneo



LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

O PINTOR

De que eu saiba, ningún dos meus antepasados foi pintor. Mais eu, sen saber como nin o porqué, comencei a debuxar e sentir certo interese pola pintura, cousa que me levou ao taller do mestre Juan López, pai do tamén coñecido pintor e amigo Tolín López Porta, que máis tarde ao igual ca min, percorrimos a campiña practicando a pintura de paisaxe.

Podo dicir que a maior parte da miña vida paseina metido entre a soidade da nai natureza acompañado unicamente do harmonioso canto das aves e os rumos da corrente da auga dos ríos.

As marxes do Río Belelle foron sempre temas da miña predilección para pintar ao óleo, tal e como mostra esta foto dos anos 60. Entre os trinta e corenta anos de idade levaba teas de 61x50 ao campo para realizar o traballo no mesmo lugar elixido no que pasaba unhas tres horas até terminalo totalmente, pero o temor de que se botase a noite enriba, obrigábame a bulir, cousa que, sen darme conta, enriquecía máis a plasticidade.

Pero chegaron outros tempos, o meu fillo Ricardo foi o primeiro en sacar o carné de conducir, o que me proporcionou a ocasión de poder desprazarme máis lonxe, pero limitándome o tempo a unha hora, e para iso comencei "cosechando" apuntes de pequeno tamaño, dos que se poden contar por miles.

A febre dos eucaliptos afeou totalmente a preciosa paisaxe galega. Eu lembro que destas árbores só existía unha nos arredores de Ferrol, e atopábase fronte á fonte de Chamorro. Pero entre os anos corenta-cincuenta chegaron os primeiros invasores desta especie que, a dicir verdade, foi rexeitada por moitos campesiños por considerala prexudicial para os seus campos de labranza. E foi así, porque as fragas de castiñeiros case que todas desapareceron e tamén outras árbores autóctonas. Así que, os amantes da paisaxe tivemos que desprazarnos á zona de Terra Chá onde por sorte aínda abundan bidueiros, carballos, castiñeiros, etc.

Ás veces paso por lugares onde realicei algunha das miñas obras e observo con tristura que aquilo que un día me serviu de modelo, xa non está, pero que afortunadamente permanece nun dos meus cadros. Os hórreos, os muíños, os bidueiros, os piñeiros, os carballos,.... Certo é que afortunadamente hoxe non temos a necesidade de ter un muíño para poder comer pan nin abeduis para protexer os nosos pés, pero todo isto deberamos de conservalo porque é algo que sempre formou parte de nós. Incluso os piñeiros dan a forma poética ao noso himno.

Outro dos meus temas a pintar en óleo, eran as caiotas. A famosa caiota de Rilo, pinteina tres ou catro veces, e un destes cadros foron a parar a Madrid. Este vello castaño atopábase fronte á residencia de D. Jesús Lago y Lago , cuxo señor, un daqueles días, púxose a falar comigo e díxome: ... "Esta árbore ten máis de mil anos, porque temos en casa un cadro realizado polo meu tataravó, aplicado ao estilo pendolista (debuxo a pluma) e xa era así". E como a todo lle chega o seu día, á famosa caiota tamén lle chegou. A tan lembrada galerna "Hortensia" rematou con ela.



A foto corresponde ao momento de pintar un deses vellos castañeiros, que "existiu" nos montes de Vilabuíde. Hoxe en día, estas venerables árbores só podemos atopalas nos soutos de Ancares e en Bande (Ourense).

Na miña peregrinaxe pintando paisaxes polas catro provincias galegas, coñecín vilas que xamais tiña ouvido nomear: Burgás, Lavacengos, Destriz .... e así un longo etc, ademais de xente encantadora e recunchos de verdadeiro ensoño.

Para os temas de neve, había que desprazarse á Capela. Era o lugar ideal para estes e outros moitos temas desta zona montañesa. A foto mostra un deses días a principios do ano 1980.

Nesta ocasión a nevada non foi abundante, pero contábame un paisano daquel lugar, que cando el era un neno houbo días de non poder saír da casa, e en esas ocasións o problema máis gordo era a manutención dos animais. "Eu moito teño pasado" (me dicía). ¡Pobres queridos paisanos!

A casa de Os Guerrero, na Barca (Montecoruto) creo que foi pintada por case que todos os pintores ferroláns, porque era un rincón preciosos que aínda existe, pero sen o hórreo e un pouco renovado. Cando trataron de tirar o hórreo, tanto eu como o querido Paco Iglesias, lles ofrecimos axuda económica ao dono para que o reparase , mais este non quixo. "Non quero, non quero. Porque un día case que me mata a un neto". E o famosos hórreo desapareceu. Eu conservo deste tema dous óleos e dúas acuarelas. Un dos que máis pintou aquí foi Carmelo González, resultando que un día lle invitaron a unha "verza de fresas" e tanto lle gustou aquelo que titulou o cadro "A casa das fresas".

«A febre dos eucaliptos afeou totalmente a preciosa paisaxe galega».



UN APUNTAMENTO SOBRE EMILIANO BALÁS SILVA

por Juan J. Burgoa

Emiliano Balás Silva foi un significado pintor e escritor ferrolán. Médico de profesión, foi Presidente durante dúas etapas do Ateneo Ferrolán, destacado membro e Socio de Honra do Real Coro Toxos e Froles e impulsor das Irmandades da Fala. Os seus setenta e cinco anos de vida transcorreron a cabalo do paso do século XIX ao XX, vivindo a maior parte deles na nosa cidade, coa excepción do tempo que pasou en Santiago estudando a carreira de Medicina e da súa estancia en Sevilla onde cursou estudos de Belas Artes na Academia da capital andaluza.

Emiliano Juan José Balás Silva naceu na rúa da Mercé do barrio de Ferrol Vello o día 25 de maio de 1859, sendo bautizado ao día seguinte na igrexa castrense de San Francisco. Era fillo de Juan Manuel Balás Castro, Mestre de Víveres da urca Santa Cecilia, e de Juana María Silva Balaguer. En posesión dunha desafogada situación económica e coa carreira de Medicina rematada con vinteún anos, Emiliano Balás levou a cabo na nosa cidade unha intensa actividade social, profesional e cultural, especialmente nos eidos da pintura e da literatura, ata a súa morte ocorrida a véspera de San Xoán do ano 1934 na súa casa da rúa Alonso López.

«Médico de profesión, foi Presidente durante dúas etapas do Ateneo Ferrolán, destacado membro e Socio de Honra do Real Coro Toxos e Froles e impulsor das Irmandades da Fala.».

Con antecedentes nobiliarios franceses pola vía paterna, Balás Silva foi unha persoa dotada dunha refinada cultura e estivo en posesión dunha ampla e selecta biblioteca. Foi fundador do grupo dos Scouts de Ferrol, presidente local do Partido Liberal, concelleiro do Concello ferrolán, Presidente da Cámara Oficial da Propiedade, colaborador do Centro Obreiro de Cultura e membro numerario da Real Academia Galega da Lingua.

EMILIANO BALÁS, PINTOR


A súa primeira vocación artística foi a pintura. O ano 1880, unha vez rematada a carreira de Medicina, trasladouse a estudar durante varios cursos na Academia de Belas Artes de Sevilla, onde traballou no estudo de José Arpa e coincidiu con coñecidos pintores como Virgilio Mattoni, José García Ramos ou Manuel de la Rosa. Estivo en contacto con importantes artistas do seu tempo e participou en diversos certames de pintura en Santiago, Lugo, A Habana e Madrid, nos que obtivo varios premios. Tamén exerceu como crítico de arte en periódicos locais.



Cultivou todos os xéneros artísticos, especializándose na pintura de flores e animais e nos temas paisaxísticos, constituíndo algunhas das súas mariñas francos acertos. Na súa obra, de carácter moi persoal, destacan tamén unhas alegorías moi coloristas e uns bodegóns de coidada elaboración. Aínda que a súa produción pictórica practicamente non é coñecida do público, un relativamente abondoso número de cadros tanto de pequeno como de gran formato son propiedade particular dos seus herdeiros e dalgunhas familias ferrolás.

BALÁS E O TEATRO

Emiliano Balás cultivou diversos xéneros da literatura, actividade que iniciou practicamente a partir dos corenta anos de idade. Colaborou coa prensa local, con diversas revistas rexionais e madrileñas,




o mesmo que con publicacións da emigración cubana e arxentina. No que atinxe á súa produción teatral escribiu preferentemente obras de corte popular, algunha delas expresamente feitas para o cadro de teatro do Real Coro Toxos e Froles que funcionou entre os anos 1915 e 1936, na liña de difusión da lingua galega que levou a cabo a devandita entidade. Balás Silva entra na categoría de escritores costumistas, moitas veces cunha acusada carga reinvidicativa na súa obra.

Aínda que a maioría das súas obras nin se representaron nin se editaron, si o fixo o monólogo *A noite de San Xoán,* estreada o día 28 de maio de 1917 no Teatro Jofre por Toxos e Froles, nunha festa galega presidida polo poeta Rey Soto, co gallo do segundo aniversario de Coro e da entrega da bandeira adquirida por subscrición popular. Outras obras teatrais escritas por Emiliano Balás foron a titulada *Estranxeiro na súa terra,* comedia en verso en tres actos; o drama en catro actos *A mal casada;* o drama en dous actos *O venideiro* e a comedia dramática en tres actos *A falsa venda,* todas elas inéditas. En castelán tamén permanecen inéditas varias obras como a comedia dramática *El cacique* e o drama *El Padre José*, ambas obras escritas en verso.

A OBRA POÉTICA DE BALÁS

A meirande parte da obra poética en castelán de Emiliano Balás aparece en tres libros de poemas, editados en Ferrol. O primeiro, *Rudezas de un cuarentón,* publicouse no ano 1904 na Imprenta de El Correo Gallego. Dedicado ao ilustrado José Alonso López, ao longo das súas 88 páxinas publica 18 poemas de diferente temática, rima e extensión. A segundo deles foi o titulado *La Europiada (Poema a la Gran Guerra Europea)* editado pola Imprenta de Ricardo Nores o ano 1919. A última publicación foi *La Expiación (Segunda parte de La Europiada),* impresa en El Correo Gallego no ano 1930. Nestas dúas obras percorre en descritivos versos, non exentos de lirismo, as circunstancias da loita que asolou Europa.



Balás Silva foi autor dun bo número de composicións poéticas en lingua galega, feito meritorio e precursor no tempo que lle tocou vivir. O seu galego, non sempre doado de ler, apóiase na fala popular, cun vocabulario rico, cheo de ironía e retrincos costumistas, aínda que amosa certos enxebrismos, vulgarismos e castelanismos. Como era corrente na época, a súa escritura abusa dos apóstrofos e trazos co obxecto de daren máis énfases ao fraseo. A súa poesía, que pode adscribirse ao grupo dos epígonos do Rexurdimento, está dentro dunha liña decimonónica.

A súa variada obra poética en galego está espallada en diferentes publicacións, sendo as principais o **Almanaque Gallego** de Bos Aires, dirixido polo lugués Manuel Castro; **El Eco de Galicia**, tamén da capital arxentina; **Labor Gallega**, dirixida en A Habana polo ferrolán Martínez Quelle; **Estudios Gallegos**, publicada en Madrid polo poeta ferrolán Aureliano Ribalta; **Vida Gallega**, fundada por Jaime Solá en Vigo; **A nosa terra**, semanario galeguista de A Coruña; **Ilustración Gallega**, publicada en Vigo; **Revista Gallega**, semanario coruñés de Galo Salinas, ademais da prensa de Ferrol. A rima e extensión destas composicións é moi diversa, incluíndo poemas costumistas, dramáticos, humorísticos, líricos, descritivos, épicos e elexíacos.

O SEU LABOR NO ATENEO FERROLÁN

Un dos feitos más destacados no eido intelectual de Emiliano Balás foi a súa actividade no Ateneo Ferrolán, onde deixou variados traballos escritos e impartiu numerosas conferencias. O ano 1907 relevou como presidente da entidade a Andrés Comerma, Xeneral de Enxeñeiros da Armada, ata o mes de marzo de 1908. En Abril de 1931, unha vez instaurada a República, tivo lugar unha nova etapa do Ateneo Ferrolán, nomeándose de novo como presidente a Emiliano Balás, cando contaba xa con setenta e dous anos, exercendo o cargo ata outubro de 1932.

O ano 1904, como resultado do concurso anual convocado polo Ateneo, Emiliano Balás veu premiada a súa memoria titulada *Noticias biobibliográficas del polígrafo ferrolano D. José Alonso López*. O concurso fallouse o 19 de novembro, sendo consi-

«Balás Silva foi autor dun bo número de composicións poéticas en lingua galega, feito meritorio e precursor no tempo que lle tocou vivir».



derado este traballo polo académico Martínez Salazar - que formou parte do xurado xunto con Gumersindo de Azcárate, Rafael de Labra e José de Echegaray - de gran interese por conter numerosos datos inéditos e outros pouco coñecidos que facilitarían o recoñecemento e o estudo crítico do insigne político ferrolán.

CODA FINAL

O esquecemento dun sobranceiro personaxe ferrolán como Emiliano Balás Silva, únese a outros casos similares nunha cidade como a nosa, onde os responsables oficiais da cultura, certos profetas da modernidade e determinados críticos de arte en estado puro sentan cátedra de paspáns e apoian de xeito afervoado a calquera persoeiro, fundación, entidade ou manifestación cultural que veña de fóra, sexa de Vigo, Narón ou Mondoñedo, en detrimento dos autores, artistas, asociacións e actividades culturais propias da nosa urbe.

Entrementres, e na espera dun máis completo estudo biográfico e dunha cumprida recompilación que neste intre estamos a facer da obra literaria de Emiliano Balás, incluíndo a publicación de varios traballos inéditos, semella obrigado lembrar hoxe algunha das súas meritorias composicións poéticas editadas en idioma galego fai agora case un século, reproducidas con total fidelidade ao texto orixinal.

A Rosalía Castro

Ruliña feiticeira d'o chan garrido, noso,
estrela que reloces como esprendente sol:
perdóname si en versos, n'a fala meiga tua,
atrévome a lembrarte con ademiraceón.

Eu, son un ave sola, que pasa po-lo mundo
sen que se deprocaten d'a miña escuridá,
e pérdese o meu canto n'a humana barafunda
como as voces d'o náufrago, que leva o vento soán.

Eu non son dino
de te cantar,
pois non pode seguir a abelliña
as águias, que voan po-la imensidá.

=

Si antr'os vates galáicos escrarecidos
a o cume t'elevaron d'a fama e groria,
y hastra n'os eidos nosos mais apartados
o teu nome veneran as xentes todas
¿que poderei decirche, rosiña branca,
pomba sin fel, uchiña chea d'aromas,
berce, onde s'aniñaron e mais creceron
as aves mais pintadas e cantadoras?

A min me toca
solo, calar
e poñer esta for, tan homilde,
n'o grade mais baixo d'o teu pedestal.

Emiliano Balás

IMP. Y EST. "EL CORREO GALLEGO" FERROL

¡T´envexo¡

¡T´envexo, mar da Frouseira,
que pódeste desfogar
contra as penas da Mariña
e remexel-o areal
c´os teus tremendos cachós
que en escuma se desfán¡
¡Eu t´envexo, cando os montes
ordenas d´asolagar
facendo temblal-o Cabo
co as ondas, que mesmo dá
medo no peito, escóitalas,
brua que te bruarás,
tumbando c´os tronos, cando o rayo
racha o ceo en desfeita tempestá¡
¡Eu t´envexo, pois gardo n-a alma miña
penas moi fondas que sofrir me fán,
e tendo o curazón esnaquizado
río en ves de chorar.

A terra d´o feitizo (Fragmento)

E a groriosa terriña d´os castros
que ergueron os celtas;
a terriña mais guapa, mais doce,
mais boa e mais meiga;
e a terriña mais agarimosa
e mais feiticeira,
d´as fraguiñas e soutos d´encanto
e d´arrecendentes e ulidoras herbas.

E a terriña que garda n´os cumes
mais altos d´a serra
e n´as fontes e limpos regatos
manantes d´as pedras
os recordos de cen misteriosas
e antigas consellas
a os rapaces, por vellos petrucios
ditas po´la noite, cabo d´a lareira.

....

A leitiriña (Fragmento)

Choraba á neniña,
choraba de pena
e á fío caíanlle
as ardentes bágoas por ambas meixelas.


Choraba na rúa,
na rúa Travesa,
mirando escachada
a oliña é o leite correndo antre as pedras.

As xentes pasaban,
pasaban de presa,
sen lle creto daren
a tanta tristura, á pena tan fera.

Cipriana (Fragmento)

E sofrindo a coitada mil penas
a un cruceiro de pedra chegou
e n´as casas que preto aló vía
un socorro demanda por Dios.

Aló soupo que mais adiante
encomeza xa o pobo, que foi
envexado de Roma noutro tempo,
e oxe sollo esquencido quedou.



OLLADA CRÍTICA DENDE O COFRE MÍTICO: A FIGURA DE EUXENIO GRANELL



por Arantxa Serantes*

Escritor, periodista, catedrático, pintor, gran coñecedor da música e do cinema… máis aló da súa visión ideolóxica ou política atrévome a dicir que foi un dos artistas galegos máis relevantes do S.XX. Sobre el existen moitos catálogos acerca da súa obra artística, pero chámanme moito a atención as reflexións que fixo a profesora Dolores Villaverde (Universidade da Coruña) sobre o significado emblemático no autorretrato de Euxenio Granell. Certo é que coma artista surrealista que foi tivo que ter algo de irracionalidade xenial de natureza simbólica como xa o fixeran outros xenios da pintura, mais como apunta Villaverde: "todos os símbolos son unha alegoría da vida e da obra (…) unha especie de gran xeroglífico que se resume nunha reflexión sobre o paso do tempo"[1]. Esa foi a mellor autobiografía que fixo o autor sobre si mesmo e sobre a súa xeografía: as paisaxes da súa alma entre áncoras e reloxos de area para unha conciencia plural, como a súa colección particular de pezas etnográficas, froito do impacto que causou nel o discurso estético centroamericano e transoceánico do totemismo popular.





De aí que algúns estudosos o cualifiquen como "surrealismo caribeño"[2]. O propio Granell suxeriuno cando escribiu o seu libro: *Isla cofre mítico* no que di: "este é o libro dunha illa situada no medio da ruta que une o antigo mito, case esfumado e a aparición dun mito novo que xa se fai sentir"[3]. Poesía, amor e liberdade foron os compromisos que fixo Granell coa Arte e chámame especialmente a atención a etapa que viviu a partir do 1950 cando foi nomeado catedrático de historia da arte e pintura na Universidade de Río Piedras e moi especialmente no 1957 onde ve a luz en México *A novela do indio Tupinamba*, primeira obra narrativa surrealista sobre a Guerra Civil española. É na súa palabra onde emerxe o seu intento de revolución que é ao mesmo tempo un *collage* de palabras no que o paxaro Pi alza o voo e refúxiase na terra suorosa da inverosimilitude que permite retratar a dor dun mundo ferido polas circunstancias históricas onde loitan amor fronte á morte e o exilio contra o recordo. Dúas fronteiras para unha mesma batalla. Como dixo Bretón: "soltade o paxaro en man por aqueles que están voando. Abandonade se fai falla unha vida cómoda, aquilo que os presentan como unha situación con porvir. Lanzádevos aos camiños"[4].

A Granell non lle importa ser politicamente incorrecto e o que máis aprecio da súa obra e que di o que pensa sen ter en conta as consecuencias. Foi o ollo crítico de grandes acontecementos históricos e coherente co que pensaba, independentemente, de que poidamos compartir ou entender as súas posturas hoxe en día, era un escéptico fronte á civilización occidental como pode deducirse nos seus escritos onde a ironía e o humanismo son coma apuntes do mundo tal cal é no seu afán de desbotar o vello para construír algo novo, reorientando a lenda: "Lanzarote representa a fin xeográfica e histórica de Lancelot (…). O complemento histórico e xeográfico do seu occidente e do seu septentrión (…) foi tamén, un pouco, a súa illa penitencia"[5]. De aí a necesidade de Granell por reinventar a historia que para el é un xoguete novo nun tempo vello onde atopar "significados, alusións e referencias nas fontes literarias"[6].

Granell para poder entrar no reino do azul-eternidade tivo que mirarse no seu espello oceánico a través "dunha cabeza decapitada chorreando sangue"[7] para que o espírito voase canda outras illas mais o seu corpo patrio era unha España-arquipélago de vida intermitente que sinalaba o horizonte invisible do crisol máxico, oculto e verdadeiro.

Notas

(*) É Licenciada en Humanidades e DEA en Historia Antiga pola Universidade de A Coruña e escritora.

[1] Cfr. VILLAVERDE, D., "As claves emblemáticas no autorretrato de Eugenio Granell", *O Ollo Público*, n.13, (2006), p. 31.

[2] Cfr. BONET, J.M., "Siglo de islas", *Alfar*, n.52, (1925), pp.16-17.


[3] Cfr. GRANELL, E., *Isla cofre mítico*, Biliotex, A Coruña, 2004, p.10.

[4] Cfr. BRETÓN, A., *Los pasos perdidos*, Alianza, Madrid, 1987, p.99

[5] Cfr. CASTELLS, I., *Un felicísimo encuentro: poesía, amor y libertas en la obra de Eugenio Granell*, Fundación Eugenio Granell, A Coruña, 2000, p.39.

[6] Cfr. Op.cit. (VILLAVERDE, 2006, p.34)

[7] Cfr. Op. cit. (VILLAVERDE, 2006, p.34).



JOSÉ LÓPEZ BOUZA: UN HOME DO SEU TEMPO

JOSÉ LÓPEZ BOUZA:
UN HOME DO SEU TEMPO

por Eliseo Fernández





Retrato de José López Bouza y detalle

Teño que recoñecer que son ben pouco amigo das biografías; e, malia iso, hai xa uns anos, tiven a sorte de afondar no perfil biográfico do ferrolán José López Bouza. Sorte, porque dito traballo me permitiu coñecer moito mellor a este persoaxe, e con el, boa parte da historia da Galiza. E sorte, tamén, porque a investigación me puxo en contacto con moitos familiares de José López Bouza, agarimosos xardineiros da memoria do seu devanceiro e, dende aquela, magníficos amigos e amigas...

Os meus reparos cara ao xénero biográfico viñan do convencemento de que as melloras que se poidan producir na nosa vida non virán de líderes providenciais nin de superheroes, senón do esforzo mancomunado de todos nós. Nese sentido, a figura de José López Bouza, malia o seu sobresaínte protagonismo, imbricabase nos máis importantes movementos de masas de comezos do século XX.


Ao longo deste traballo puiden coñecer a aquel fillo do barrio de Esteiro que nos inicios do século XX emigraba cara á Arxentina, como moitos dos nosos paisanos; puiden imaxinar os seus primeiros pasos no movemento obreiro e nas ideas anarquistas, que conduciron á súa expulsión da Arxentina no outono de 1911. E fun reconstruíndo a imaxe daquel rapaz, aínda novo, que comezou a traballar nos estaleiros e participar en folgas, mitins e boicots, tentando mellorar as condicións de traballo e vida del e dos seus compañeiros. Chegou a tal punto a súa xenerosa implicación nos conflitos obreiros que, a comezos de 1914, resultou ser o único despedido do estaleiro despois da magnífica "folga da pá" que tivera paralizada a cidade por varias semanas en defensa da dignidade da clase traballadora.

Cos seus compañeiros do Ateneo Obrero Sindicalista, foi quen de erguer as bandeiras da utopía e da fraternidade, organizando un congreso obreiro coa sa intención de poñer fin á I Guerra Mundial. Se ben os seus esforzos resultaron inútiles no que respecta á conflagración mundial, si que serviron para espallar a semente que xerminaría na refundación da CNT, e mesmo na creación dun efémero comité central da Asociación Internacional dos Traballadores, con sede en Ferrol, e a cargo do noso protagonista.

Tamén os movementos de renovación pedagóxica contaron coa súa participación, a través da súa modesta escola do barrio de Canido; e incluso a poboación da cidade de Ferrol se beneficiou, sen excepcións, da súa participación na execución das obras da tan necesaria traída de augas.

Comprometido politicamente co republicanismo dende o final da década dos 10, foi tamén figura sobresaínte daquel movemento colectivo que conduciu á caída da monarquía o 14 de abril de 1931. Sen outros títulos coñecidos que os ganados como obreiro consciente e xeneroso, José López Bouza foi, nada menos, que un dos oradores que, naquela histórica data, se dirixiu ao pobo de Ferrol para celebrar o retorno da República. Nos anos seguintes, ocupou diversos postos de confianza do goberno da República, como os de gobernador civil de Ourense e Lugo, ou mesmo, xa en 1936, o de presidente da comisión xestora da Deputación Provincial da Coruña. Dende este posto tomou parte na campaña pola aprobación do Estatuto, integrándose no Comité Central da Autonomía de Galicia como vicepresidente.

Non foi outro que José López Bouza o represententante do Comité que, en xullo de 1936, entregou o proxecto de Estatuto ao presidente das cortes, Diego Martínez Barrio. En Madrid e nesa misión collérono os rumores do golpe militar iniciado polo xeneral Franco; e novamente o corazón xeneroso de López Bouza puido con el: asumindo



as súas responsabilidades, retornou a Ferrol inmediatamente, integrándose no grupo dos defensores da República amoreados no Concello; alí foi detido polos militares rebeldes. Nun consello de guerra foi condenado á pena de 30 anos, mais nunha noite do mes de agosto, hai 70 anos, José López Bouza correu a sorte de tantos veciños de Ferrol, sendo asasinado no cemiterio de Canido.

Persoaxe excepcional, benquerido na esquerda e mesmo entre moita xente de dereitas, o noso persoaxe foi un home do seu tempo; naquel sanguento verán de 1936, José López Bouza mantívose onde sempre estivera, ao carón do pobo e da xustiza, e rematou custándolle a morte.

Acto conmemorativo na Deputación Provincial da Coruña, presidido polo actual presidente da mesma Salvador Fernández Moreda



POLA SÚA FILLA DE Mª LUISA LÓPEZ FERNÁNDEZ

Este pasado ano que tanto se lembrou a MEMORIA HISTÓRICA e que moitos mozos descoñecían esta triste faceta de España, dende estas liñas, grazas a todos e todas os que traballaron nestes acontecementos. Foi un FERMOSO ano, a pesar de remover a nosa psique.

Por estes acontecementos unhas palabras serán suficientes para falar do meu querido pai, que sen poder gozar das súas boas ensinanzas, deixou no meu contorno todo o recordo e aroma da súa infinita humanidade.

Neste pequeno comentario quero lembrar algúns fragmentos da vida política do meu pai JOSÉ LÓPEZ BOUZA, considerando o profundo sentimento e fervor que nos seus anos mozos defendía con todo convencemento os dereitos do home traballador.

Co paso dos anos foi funcionario do Concello de Ferrol. Pouco despois é nomeado xefe do Negociado de Augas, e é aquí, que esperta coa idea dun proxecto moi feliz para o desenvolvemento de Ferrol. Unha rede de abastecemento e distribución de auga, cuxas fontes partirían dos saltos da Fervenza. Proxecto que esperta o interese do entón alcalde de Ferrol, Don Antonio Usero, home conservador, ao servizo da monarquía de Alfonso XIII.

O alcalde acepta e esixe a López Bouza a organización e realización de tal proxecto baixo a súa estrita responsabilidade. Viaxa a Vigo con técnicos e especialistas onde estudan e se informan,... se asesoran.

Anos despois a nunca esquecida "traída de augas" abastece a cidade de Ferrol, dende os amplos depósitos situados nas proximidades de Santa Mariña. E unha torre de control (un depósito de auga) situado moi próximo á Porta de Canido. Un arranque de progreso. Un cerebro innovador, López Bouza.

Fundador do periódico IZQUIERDA REPUBLICANA, os seus artigos máis interesantes respecto ao "home, ao pobo, á política e a Galicia" foron publicados neste periódico. Fundador e director de LA VOZ DEL INQUILINO, as súas ideas non aceptaban as desigualdades sociais.

O 14 de abril de 1931 proclámase a II REPÚBLICA en España.

Seguidamente é nomeado GOBERNADOR CIVIL da Provincia de Ourense. Durante este cargo, resolveu a loita por Galicia polo ferrocarril ZAMORA-OURENSE-A CORUÑA, permite a folga xeral a favor do mesmo. Por este conflito o cesan do cargo. Os cidadáns de Ourense protestan polo seu cese de Gobernador, de inmediato é nomeado Gobernador Civil da provincia de Lugo.

De 1935 a 1936 é Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Unha das facetas máis interesantes da súa vida política é a campaña desenvolvida por toda Galicia a favor do ESTATUTO DE AUTONOMÍA de 1936, do que foi Presidente do Comité Central. Tamén presidiu a Comisión de Representantes galegos con ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, que fixeron entrega do Estatuto (refrendado pola cidadanía galega) ás Cortes da República.

En Madrid, o proxecto do Estatuto galego foi entregado ao Presidente da Cámara de Deputados, o Sr. Martínez Barrio pola Comisión de Representantes de Galicia. Acompañaba aos comisionados os deputados galegos do Frente Popular. Fixo entrega do proxecto o Presidente da Comisión o señor López Bouza.


O golpe militar sorprende ao meu pai en Madrid pola entrega do Estatuto, deixando de inmediato a capital para regresar a Ferrol.

É fusilado o 30 de agosto de 1936 aos 46 anos de idade.

En 1984 dáselle o nome de LÓPEZ BOUZA a unha rúa no Barrio de Caranza en Ferrol.

En 2006 a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA incorporou na Galería de Presidentes o RETRATO do político JOSÉ LÓPEZ BOUZA, coincidindo co ANO DA MEMORIA HISTÓRICA.

Co meu profundo agradecemento a todas aquelas persoas que admiran e manteñen a memoria do meu amado pai, JOSÉ LÓPEZ BOUZA, home xusto, firme e denso nas súas ideas.

SOBRE A PLANTA DE GAS E AS SÚAS COUSAS

Por José Vázquez Deus

A palabra seguridade significa, segundo o dicionario académico "calidade de seguro". E a palabra seguro, entre varias acepcións, ten dúas moi adecuadas ao motivo deste escrito: 1) "Libre e exento de todo perigo, dano ou risco". 2) Contrato polo que unha persoa, natural ou xurídica, obrígase a resarcir perdas ou danos que ocorran nas cousas que corren un risco en "mar ou en terra". (A academia esqueceuse do aire).

Está claro que o seguro da acepción 2) non sería necesario para ningunha cousa que fose segura segundo a acepción 1).

Tamén é facilmente admisible que unha cousa complexa artificial: barco, avión, instalación industrial,... etc leva implícito o risco do seu uso. Por isto, un armador que queira amparar o seu investimento nun barco, mediante un seguro, en previsión de accidente, debe someter a construción ás rigorosas regras dunha sociedade clasificadora para que esta lle expida o certificado de calidade. E ademais a construción e o equipamento deben cumprir outras normas nacionais e internacionais, baixo inspección oficial. Así o barco é case que seguro. Digo "case" porque os noticieros cóntannos de cando en vez que algún barco incendiase ou afundese, a pesar de ter todos os certificados oficiais.

«O desastre minimamente posible sería a explosión de trescentos mil quilolitros (m3) de gas, cunha onda expansiva de varios quilómetros».

O dito sobre o barco é extensivo a outras cousas artificiais construídas baixo normas de seguridade. As sociedades clasificadoras soen ser solicitadas para intervención en diversas instalacións industriais que, por outra banda, tamén se someten a outras normas de seguridade.

A pesar de tantos regulamentos, non é difícil admitir que non existe a seguridade absoluta en moitas cousas feitas polo ser humano. Mais tamén, para non faltar á verdade, debo dicir que en moitas cousas artificiais hai unha seguridade relativa en alto grao á vez que un implícito risco mínimo.

Esas dúas últimas afirmacións explican a razón de ser das empresas de seguros. Ninguén subscribiría unha póliza de seguro por algo absolutamente seguro. E ningunha empresa de seguros contrataría pólizas por cousas que non teñan un alto grao de seguridade relativa e, por isto, ínfimo risco.

O alto grao de seguridade que dá a tecnoloxía é razón para que ninguén renuncie ao benestar que ofrece. Así ninguén renuncia á electricidade ou ao gas; poucos son reaccios ao avión, e moitos son fieis ao coche propio, cada quen confiando en non entrar na estatística dos accidentados. E tantas persoas que adoptan calquera cousa técnica para o seu benestar, fano porque a vantaxe é moita e o risco, se o hai, é mínimo. E fano, isto é importante, voluntariamente, asumindo o risco.

Chego ao obxectivo deste escrito.

Mirei un bonito vídeo que mostraba a inminente **planta de gas** e daba explicacións sobre a seguridade da mesma. Sen embargo, estou case que seguro de que a empresa contratará unha póliza de seguro. Se isto é tan certo como creo, tamén o é que a instalación non é absolutamente segura, pois se o fose, a póliza sería absurda. E se hai póliza será porque un desastre é moi improbable aínda que minimamente posible. Ou sexa, o desastre é posible. Pero ademais os desastres ocorren independentemente dunha póliza, porque esta serve, non para evitar o desastre, senón para resarcir os danos.

O desastre minimamente posible sería a explosión de trescentos mil quilolitros (m3) de gas, cunha onda expansiva de varios quilómetros.

Ferrol está enfronte, a mil cincocentos metros, espazo libre por medio. Miles de persoas estamos expostas ao risco. Ninguén lles consultou se queren asumilo. E ninguén ten dereito a impoñelo. E aquí o único problema, dos ferroláns, xa que non da empresa nin dos políticos, interesados polo negocio e non pola "polis" (cidade).

Malo será que os que non queren o risco, non morran por morte natural antes de que suceda a posible explosión. Morrer a tempo, mentres florece a fermosa planta artificial, é consoladora esperanza. ⌘



¡QUEN TE VIU E QUEN TE VE!

¡QUEN TE VIU E QUEN TE VE!

Por Cristina Meizoso Alonso

Sempre defendín os valores ideolóxicos das persoas... reafirmándome contra quen me dicía que cando estás no PODER todo cambia!

Levo moitos anos "pululando" por este mundo da cultura político-social desta cidade, mirando, ouvindo, observando, sempre en estado de expectación co que acontecía ... e pasaron moitas cousas e persoas cerca de min.

Agora non podo seguir expectante ante o sucedido no noso Concello nin cos da comarca, que tamén parecen estar aletargados e obstruídos polo que ditamina o PODER ECONÓMICO.

É absolutamente inaceptable que un partido político de esquerdas e defensor da nosa terra, ao que sempre votei, e levo máis de vinte anos podendo exercer ese dereito democrático, faga demagoxia e vote en contra ou se absteña (con grande covardía), nun tema tan importante como é a ubicación dunha PLANTA DE GAS ilegalmente metida nunha ría, na nosa Ría.

Os argumentos utilizados como ... os postos de traballo (¿), ... non hai outra localización (Porto Exterior, para qué?), ... din por aí as malas linguas que se trata de ALTA POLÍTICA que non entendemos! De seguro que si, alta política para os que xa estades nela e non vos acordades da *Plataforma Pola Defensa da Ría* na que en tantas reunións e manifestacións temos coincidido cando non tiñamos nós o poder e era doado rachar co poder establecido.

Caeron cabezas, moitas ... e de esquerdas, e caerán máis porque o pobo é soberano! Porque non se pode mirar caró outro lado, como a ENCE, a Arousa (Ferrazo) e **desprestixiar e matar outra ría** polo simple capricho do mundo empresarial.

NON, A ESQUERDA NON!

Non vexo, hai moito tempo, as bandeiras galegas ondear nas reivindicacións pola defensa da ría, pola defensa do noso! ... Silencio é o que manda! Incluso, por unha vez os partidos políticos e os sindicatos deixades que sexa a cidadanía a que se pronuncie, ... non estades na rúa i co que os gusta saír nas fotos! ... ALTA POLÍTICA!

Sinto que algo se perdeu, ... chámase DIGNIDADE IDEOLÓXICA!

«... non vos acordades da *Plataforma Pola Defensa da Ría* na que en tantas reunións e manifestacións temos coincidido cando non tiñamos nós o poder...».

75 ANIVERSARIO DO VOTO FEMININO PROPOSICIÓN NON DE LEI

Texto aprobado polo Congreso de Deputados.

Á Mesa do Congreso dos Deputados.

Os Grupos Parlamentarios abaixo firmantes temos o honor de dirixirnos a esa Mesa para, ao amparo do establecido no artigo 193 e seguintes do vixente Regulamento do Congreso dos Deputados, presentar a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate no Pleno.

Exposición de motivos:

O século xx foi considerado «o Século das Mulleres» debido á importante relevancia e protagonismo que as mesmas alcanzaron. Outro elemento significativo deste século foi a expansión da Democracia como o fenómeno político máis importante de finais do século xx.

Son múltiples as razóns de índole cultural e económica que contribuíron a esa expansión; e sen dúbida, unha das máis determinantes foi a participación activa das mulleres en todos os ámbitos públicos, reservados historicamente aos homes.

A influencia dos movementos sociais, a tradución dos ideais revolucionarios no ámbito político e xurídico e as consecuencias das dúas Guerras Mundiais son algúns dos factores que cambiaron o rostro da sociedade internacional. Neste proceso, a participación das mulleres foi decisiva para reclamar a verdadeira igualdade e liberdade en todas as sociedades.

Ao longo dos dous últimos séculos, xeracións de homes e mulleres viñeron reivindicando a súa dignidade como seres humanos desde a convición de que soamente as democracias salvagardan os dereitos humanos; eses dereitos que posibilitan que as persoas poidan desenvolver a súa creatividade e vivir en liberdade. A Democracia non se comprende hoxe se non vai estreitamente ligada á igualdade.

Xa en 1794 o teórico Condorcet suscitaba a estreita relación entre «liberdade, dignidade, xustiza e igualdade» recoñecendo que os progresos máis importantes do espírito humano implicaban a total abolición dos prexuízos que perpetuaron a desigualdade entre os sexos.

Tamén Stuart Mill escribía: «a experiencia demóstranos que cada paso adiante no progreso da civilización, foi acompañado invariablemente por algún avance da posición social da muller».

Non podemos esquecer o arroxo e a valentía de mulleres como Olimpia de Gouges, Mery Wollstonecraft ou Theroinge de Mericourt pola súa loita en favor da igualdade entre os xéneros, nunha sociedade androcéntrica e misóxina, reclamando a garantía dos dereitos para todo ser humano independentemente do seu sexo.

Especial mención merece Clara Campoamor no noso Estado, durante a II República, pola súa defensa do dereito ao voto feminino, precursor sen dúbida da verdadeira participación das mulleres na vida política, que supuxo a última lexitimación ética de calquera democracia.

Desde a última Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre as Mulleres, España participou activamente nos traballos de toda a comunidade internacional para garantir o exercicio dos dereitos humanos por parte das mulleres.

En 1995, España liderou as negociacións da Conferencia de Pekín mentres ostentaba a Presidencia da Unión Europea do mesmo xeito que fixo en 1998, data na que se celebrou en Madrid a Conferencia Europea de seguimento dos compromisos asumidos en Pekín. Nesta mesma liña, no marco da Unión Europea, España apoiou activamente medidas de impulso da participación equilibrada de mulleres e homes en toma de decisións, accións positivas e outros compromisos a favor da igualdade.

Neste ano 2006, cúmprese en España o 75 aniversario do establecemento efectivo do dereito ao voto para as mulleres e en consecuencia a implantación do Sufraxio Universal en toda a súa extensión.

As Cortes Xerais adoptaron algunhas iniciativas para conmemorar tal efeméride, coa finalidade de que dita conmemoración sirva ao mesmo tempo para impulsar o recoñecemento da participación das mulleres na vida política. A presente Proposición persegue o mesmo fin.

En consecuencia, os grupos parlamentarios abaixo firmantes presentan para o seu debate en Pleno a seguinte Proposición non de Lei:

«O Congreso dos Deputados insta ao Goberno a:

1. Elaborar, a través do Ministerio de Educación e Ciencia, en colaboración coas CC.AA., un programa de actividades, para desenvolver ao longo do ano nos centros educativos do Estado, que poña de manifesto o imprescindible valor da participación das mulleres no sistema democrático, dirixido a todos os niveis educativos co conseguinte desenvolvemento dos materiais didácticos específicos necesarios.

2. Constituír un Comité de Honor que presida os actos que se celebren con ocasión da efeméride.

3. Impulsar a declaración do 1 de decembro como “Día do Sufraxio Universal”.

4. Promover a posta en marcha dun convenio coa FEMP, que impulse a conmemoración por parte dos concellos de actos que difundan, recorden e valoricen o que supuxo para a cidadanía a conquista do voto das mulleres e o pleno contido do Sufraxio Universal.

5. Promover acordos coas Reais Academias que impulsen a participación das mesmas nos actos que se organicen con motivo da efeméride.

6. Xestionar a recuperación e conservación dos Arquivos que recollen a eficaz e brillante defensa do “dereito ao voto das mulleres en España” realizada por Clara Campoamor.

7. Promover a celebración dun acto institucional con todos os Parlamentos Autonómicos para conmemorar a aprobación do dereito ao voto das mulleres en España.

8. Impulsar a posta en marcha das seguintes actuacións por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores:



Clara Campoamor

I. A inclusión de compromisos en materia de xénero desde unha perspectiva transversal nas declaracións finais dos Cumes Iberoamericanos, o Foro Euromediterráneo e demais eventos internacionais.

II. A integración da perspectiva de xénero e a súa inclusión nos programas e o seu fomento na celebración dos foros previos aos Cumes Iberoamericanos, no Foro Euromediterráneo e os demais eventos internacionais.

III. Impulsar, xunto coa Secretaría dos Cumes Iberoamericanos e o Foro Euromediterráneo, a importancia da participación das mulleres no ámbito político.

IV. O cumprimento da normativa europea e do plan director de cooperación respecto ao mandato da integración da perspectiva de xénero no partenariado euromediterráneo así como en todas as accións de cooperación ao desenvolvemento.

V. A realización dun proxecto de investigación en colaboración coas Comunidades Autónomas sobre a presenza e permanencia das mulleres na participación política.»

Palacio do Congreso dos Deputados, 12 de setembro de 2006.-Os Portavoces dos Grupos Parlamentarios Socialista do Congreso, Popular no Congreso, Catalán (CIU), de Esquerra Republicana (ERC), Vasco (EAJ-PNV), de Esquerda Unida-Iniciativa per Catalunya Verds, de Coalición Canaria-Novas Canarias e Mixto.

MANIFESTO CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL DAS MULLERES

PLATAFORMA ESTATAL DE ORGANIZACIÓNS DE MULLERES POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN.

http://www.alecrin.org

Tradicionalmente a prostitución foi definida como unha práctica feminina consistente en subministrar servizos sexuais a cambio de diñeiro. Sen embargo esta definición omite e invisibiliza aos actores principais do sistema prostitucional: prostituidores e proxenetas, sen os cales non habería mulleres en situación de prostitución.

DENUNCIAMOS:

· Que a tolerancia e aceptación social verbo das prácticas masculinas de compra de servizos sexuais, equivale a fortalecer os privilexios masculinos e, por tanto, a ratificar modelos e relacións desiguais entre homes e mulleres.

· Que a prostitución, en todos os casos ou circunstancias, representa un xeito extremo de explotación e de violencia contra as mulleres e significa a nosa redución á condición de mercadorías ao servizo sexual dos homes.

· Que a prostitución constitúe un negocio cada vez máis rendible e en expansión que se abastece dos corpos de mulleres e nenas que son postas en venda e en disposición de ser consumidas sexualmente polos homes.

· Que os prostituidores provocan coa súa demanda a existencia dun mercado organizado de mulleres e nenas para a súa utilización como obxectos sexuais

· Que o mercado prostitucional inclúe a todas as persoas e actividades, que dentro e fóra da legalidade, obteñen beneficios da explotación sexual das mulleres: os provedores de espazos físicos como locais, pisos ou hoteis para o uso sexual das mulleres; os provedores de espazos publicitarios para a oferta de corpos femininos en xornais, revistas, e outros medios; os traficantes de mulleres e nenas que forman parte das redes de control, vixilancia e extorsión de mulleres nos países de destino.



REGULAR LA PROSTITUCIÓN ES LEGITIMAR LA VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES

POR TODO ISO:

EXPRESAMOS o noso rexeitamento a calquera política regulamentarista xa que isto equivale a lexitimar e normalizar o uso das mulleres como mercadoría sexual, e **INSTAMOS AOS PODERES PÚBLICOS A:**

· **Reforzar** as políticas de igualdade de oportunidades e a crear condicións laborais que eviten que as mulleres sen recursos se vexan abocadas a formar parte da poboación prostituída.

· **Incrementar** suficientemente os recursos destinados ao desmantelamento das redes de prostitución que operan no noso país con mulleres traficadas.

· **Establecer** políticas específicas de integración e inserción laboral das mulleres inmigrantes e de protección e acollemento das mulleres traficadas.

· **Penalizar** todas as modalidades de proxenetismo, con penas proporcionadas á gravidade das accións cometidas en cada unha delas.

· **Desalentar** a demanda masculina, promovendo campañas que permitan modificar a percepción social do uso das mulleres como mercadoría sexual e obter un rexeitamento social xeneralizado contra os homes que usan os corpos das mulleres prostituídas para satisfacer as súas apetencias sexuais.

· **Elaborar** un código ético que disuada aos medios de comunicación de publicitar o consumo sexual de mulleres.



MULLERES E TEMPOS

Por ISABEL LODEIRO VALES

Esta mañá collín o tren cara á Coruña. O evento transcorreu sen incidentes ata que chegou a supervisora para que lle entregase o meu billete, e foi nese momento cando unha morea de preguntas acudiron á miña cabeza porque comecei a imaxinarme a vida desta muller, a interrogarme sobre se esta muller estaría casada ou non, se viviría soa ou non, se tería fillos ou non e, segundo as variables das respostas, o que finalmente me preguntei foi qué tipo de conciliación tería esta muller entre a vida profesional e a familiar ou doméstica porque neste país as mulleres non escapan ós conflitos que lles xorden ás mulleres no tocante a conciliar a dobre presencia que teñen ,derivada da rápida incorporación ó mundo do traballo nas últimas décadas, e que son a vida familiar e doméstica, e que lles supoñen moitas veces vivir ó límite por varias razóns, a saber:

1- A escasa ou nula valoración do traballo doméstico ou familiar que lle concede o sistema socioeconómico actual o que presupón que o que segue a primar é o capital financeiro e non o capital humano, que basicamente é aportado polas mulleres en tanto que somos as que coidamos ás persoas necesitadas.

Este presuposto supón que o traballo doméstico non interesa consideralo como tal e, o único que se valora é o que se denomina “homus economicus”.

2- A pouca asunción de responsabilidade por parte dos homes neste tipo de traballo. É curioso este feito porque as feministas dos anos setenta consideraban que o traballo doméstico ía a desaparecer ó incorporarse as mulleres ó mercado do traballo. Pois ben, en última instancia isto non foi así porque os homes non asumiron case ningún tipo de responsabilidade, como nos din as enquisas que se fan periodicamente, onde se ve que as diferenzas entre os tempos das mulleres e a dos homes seguen sendo amplas.

3- A desregularización do mercado do traballo cada vez maior que se traduce en que non se teñen en conta para nada as necesidades das persoas ou os tempos das necesidades e así entrecruzanse de continuo tempos laborais cos tempos domésticos ou familiares o cal supón para as mulleres unha tensión enorme que reverte por exemplo na saúde física e –como non– mental.

Isto en conxunto ofrece unha imaxe moi lamentable da sociedade na que vivimos e que visto para un extraterrestre lle chocaría enormemente porque non entendería como se pode facer unha conciliación destes dous tempos se está a fallar o que mencionei arriba.

Partindo destes presupostos o que debemos demandar as feministas son políticas serias de igualdade, como as que se están a facer nos países nórdicos, dos que tanto temos que aprender, políticas que teñan en conta como prioritario o tempo familiar e non o tempo económico coma se está a facer nestes intres.

Para que esta política sexa efectiva débese implicar a todos actores sociais, léase empresarios, sindicatos, etc., incluído o Estado porque este nunca é neutral en tanto que ten a obriga de proporcionar servizos básicos de educación e sanidade que si que está a proporcionar nalgunha medida, pero de nada serve se non se valora máis o traballo das mulleres porque entón o sistema viríase abaixo, se falla o sustento da vida humana.

Así pois, a sociedade debe de adaptarse a todos estes cambios (a esta revolución silenciosa feita polas mulleres), e facerse outra revolución onde se teñan en conta as prioridades das mulleres co cal deberían de despeciailizarse os roles, e reorganizar o conxunto das institucións da sociedade para que se adapten ós diferentes tempos das mulleres.

Ó final chegamos á Coruña e a xente foi baixando do tren; eu decidín proseguir a viaxe do tren porque me dei de conta que aínda non chegaramos. ⌘

Bibliografía:

*Malabaristas de la vida,*Grup Dones i treballs, Barcelona, Icaria,2003.

*El tiempo de las mujeres. Concialización entre vida familiar y profesional de hombres y mujeres,*Dominique Méda. Madrid, Narcea, 2002

ANTIOQUÍADENUNCAJAMÁS

Por JAVIER MASEDA RODRÍGUEZ

É tempo de abril e Antioquía
asómase. Nove meses na bóveda dos
tesouros. Non a ves e está, crecendo
ó través. E nun instante aparece,
abracadabra, esperta noutro mundo,
qué fago aquí. E achégaste a ela con
temor de cristal. Que non se rompa,
fráxil, a pequena. Dá gusto vela, tan
pequena, a pequena, confundida entre
os seus monecos. *Quen é o moneco*.
E outro instante, e catro anos, rápido,
rápido, un suspiro. E cada paso un
descubrimento, a sorpresa, a máxica
maxia do abracadabra. Queres auga
e na túa boca soa o río. E bébela de
verdade, coma se cada vez fose
a primeira, a auténtica sede.
E descobres os *aes* do teu nome,
qué bonito, o *a* do teu avó, o *a* da túa
avoa. E sinálalas unha a unha, como
a papá e a mamá. E les de memoria
os contos do *capitán nemo*, unha
bolecha, dúas bolechas, *rápido, que
a cenicienta chega ás doce*. Pequena
que xogas a crebacabezas, que
observas e captas, que compós
o mundo. Que preguntas onde,
e qué significa, e cando comemos,
e se seguimos xogando, que hoxe
os demais faremos de guerreiros
e ti seguirás sendo a princesa.
Es Antioquía que te vemos durmir
e que te fas a durmida, neniña que
pide silencio que dorme o neniño,
que imos á randeeira, que aquel
é o meu amigo e aquela a miña amiga.
Non te afastes, pequena que te
agarras á miña man, ás mans
xemelgas, que xa é tarde, que me vou.
Non te escondas no *cuarto dos
xoguetes*, despedíndote das
despedidas, pequena sentida.
Que mañá volvemos, a semana que
vén. E segues rindo, que alegría, *a
semana que vén*, princesa tranquila.
Aí, o mundo ó través dos teus
colorados cristais de cristal.
Crece e non crezas, pequena que
estás preto da terra, Antioquía de
nuncajamás, cuarto crecente
dun ceo de lúa plena. ⌘

ROTEIROS POLA HISTORIA DE GALICIA
A RUTA DE PARDO DE CELA - FOZ

Nesta Ruta do Mariscal Pardo de Cela, de grande interese histórico e paisaxístico, percorreremos, ó longo de 70 quilómetros de ruta (ida e volta), a azarosa vida do Mariscal nos **municipios de Foz, O Valadouro, Alfoz e Mondoñedo**.

Comenzamos o noso percorrido na **Igrexa de San Martiño de Mondoñedo**.

Dende alí, dirixímonos a **Valadouro**, fermoso val polo que descende o **Río Ouro**. Entre o verdor da paisaxe, mentres pensamos como sería a vida nestas paraxes durante a Idade Media, detémonos a contemplar os cabalos salvaxes que pastan as súas anchas nestes montes.

Continuamos o noso camiño e chegamos a **Alfoz de Castro de Ouro**, no que se atopa un punto clave da nosa ruta: o **Castelo Pardo de Cela**, onde viviu boa parte da súa vida o mariscal e onde, ó final, foi capturado. Entre os restos que nos encontramos atópase a base da **Torre da Homenaxe** e un foso circular.

Botando unha ollada dámonos conta das dificultades que tiña o inimigo para asaltalo. Dende aquí, no **Pico da Frouxeira**, tense unha inmellorable visión de todo o **Val do Río Ouro**.

O final da ruta acércanos a **Mondoñedo**. Na súa Praza o Mariscal foi decapitado 17 de decembro de 1483.



HISTORIA

"O Marechal Pero Pardo de Cela Aguiar e Ribadeneyra" (o bretoñés defensor da soberanía do Reino de Galicia) naceu en Castro d'Ouro. Era fillo dunha das máis nobres linaxes do Reino de Galicia, os Señores de Cela e de Violante de Aguiar. Intimo amigo dos Condes de Monterrei e de Lemos, casou con Dona Isabel de Castro, filla da Condesa Beatriz e de Don Pedro de Osorio, vencellándose así cos poderosos Condes de Lemos e con outras importantes linaxes do Reino de Galicia.

En 1464, **Pero Pardo** é xa encomendeiro do bispado de Mondoñedo (xa fora o seu pai Juan Núñez Pardo) e alcalde de Viveiro polo Rei, cargo que lle será confirmado o ano seguinte, por parte de Enrique IV, ó pasar a vila á Coroa. Os seus ingresos complementanse coas alcabalas dunha grande parte do bispado de Mondoñedo.

O Reino de Galicia encontrábase daquela nunha situación política delicada tras sufrir dúas Guerras Civís Irmandiñas e máis a secesión do sur do Reino, o recente Portugal. Asasinado con veleno o rei Henrique IV, estoupou a guerra sucesoria entre galegos e casteláns, declarando estes raiña , a Dona Isabel a Católica, en tanto que Galicia defendía o lexítimo trono da filla de Henrique IV, Dona Xohana "*A Beltranexa*" , e o seu esposo, o rei Afonso de Portugal. Reorganizado o poder político de Castela, os "*Reyes Católicos*" emprenden a anexión do Reino de Galicia asasinando as principais familias nobres galegas.

O Marechal **Pero Pardo de Cela**, descendente de Don Fadrique o medio irmán do rei Pedro I, declárase fiel á soberanía do Reino de Galicia e rebelde á submisión ó Reino de Castela.

Así, os Reis casteláns enviaron outro exército a Galicia para derrotar a **Pardo de Cela**, ó mando de Mudarra. Este contixente eliminou toda a última resistencia que encontrou ó seu paso. O cronista dos Reis Católicos dicía "*que ya parecía crueldad, y era entonces necesaria; y por eso se hacían muchas carnecerias de hombres*".


A loita entre galegos e casteláns mantívose durante 3 longos anos nas terras de Britonia. Pardo de Cela fíxose forte na Provincia de Mondoñedo. No resto do Reino de Galicia, a nobreza galega asasinada empezaba a ser substituída pola nobreza castelá e os Reis Catolicos ditaban as primeiras medidas da "*Doma y Castración del Reyno de Galicia*". Certamente, co tempo a integración plena de Galicia no novo Estado entraña a centralización, a dependencia e a marxinación , do idioma galego en primeiro lugar.

Tras reiterados fracasos militares Mudarra contactou con vasalos do Marechal dubidosos do resultado final da guerra, ós que lles ofreceu un grande tesouro e o perdón pola súa rebeldía.

Os desleais vasalos abriron logo as portas do castelo deôï: "*A Frouxeira*" ós casteláns aproveitando a estancia de **Pardo de Cela** no castelo de Castro d'Ouro, onde o Marechal estaba a visitar ó leal Señor Pero de Miranda.

De volta á Frouxeira o 7 decembro 1483, o exército de Mudarra prendeu por sorpresa no salón do castelo ó Marechal e o seu fillo e máis a Don Pero de Miranda, levándoos a Mondoñedo para execución pública exemplar... ✠





XIXÓN 16-17-18 DE NOVEMBRO 2006

ENCONTRO INTERNACIONAL DE ATENEISTAS E XORNALISTAS

Por ELISEO ZAERA RÍOS
Presidente do ATENEO FERROLÁN

Un mes logo de participar neste interesante encontro e ante un requerimiento de definición, sáeme un titular co que pretendo sintetizar o máis relevante do acontecemento: "AIFA, a Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos, consolídase e reforza os seus lazos". E esta afirmación que pretende dicilo todo, para os non implicados realmente di moi pouco.

A Asociación internancional de ATENEOS (A.I.F.A.) é fácil de identificar e calquera persoa mínimamente introducida en ambientes culturais pode deducir e imaxinar de que se trata, que é ou que pretende ser, pero é necesario penetrarse na realidade da súa actividade para ter un coñecemento máis axustado da súa situación e as súas potencialidades. Nada mellor para iso que unha análise e unha mirada ao acontecido en Xixón durante eses días.

A organización dun encontro desas características vista desde os grandes parámetros e cifras globais preséntase imposible de asumir para calquera ATENEO en particular e, neste momento, ata para a Asociación Internacional. Con todo nos últimos sete anos viñéronse celebrando encontros, a cal máis interesante e atractivo, asumido e realizado polo Ateneo da cidade correspondente, XIXÓN, LISBOA, MÉXICO D.F., SANTO DOMINGO, QUITO, AGUASCALIENTES (México), PORTO RICO e novamente XIXÓN.

Unha ducia de Ateneos de Portugal e Iberoamérica máis outros dez de España coa participación de 1 a 3 persoas por cada un, unido a igual número de representantes da prensa das súas respectivas cidades, suman preto do centenar de persoas, metade invitados total metade ao 50%.

Só no aspecto económico ese movemento e atención de persoas supoñen




Esquerda: Acto no Concello de Xixón. Dereita: A Cónsul de México, dona Mª Carmen Vigil, nun momento da celebración.

unha montaña que realmente asusta a calquera. Pero aínda superado o aspecto económico que por si só esixe un monumental esforzo, hai que pensar no apartado organizativo e loxístico: convocatoria, acomodación, programas (asembleas, debates, turístico/culturais, gastronómicos, ...), conferenciantes, xurado, guías, actuacións/espectáculo, etc., etc..

Sen vontade, entusiasmo, e eu diría espírito ateneísta que considero motor inmaterial pero determinante que o move todo, non sería posible levar a cabo e con éxito incuestionable estes encontros.

Programa para ateneístas, para xornalistas, para acompañantes, programas conxuntos, visitas con guía turística a OVIEDO e XIXÓN, selección gastronómica asturiana; só estes enunciados abren un abanico de actuacións, xestións, procura de solucións, teléfonos, correos, etc. etc., realizadas con eficacia e brillantez.

O equipo director do ATENEO JOVELLANOS ten que sentirse orgulloso e feliz. O esforzo valeu a pena. Os diversos planos: ateneístico, xornalístico, a proxección ao exterior dos contidos do encontro, a imaxe da contorna XIXÓN - OVIEDO, as atencións directas, visibles, de Autoridades e personalidades da cultura, os apoios e respaldos non visibles pero adivinables, quedaron patentes para todos.


Nun marco de acolleita esplendidamente seleccionado estivemos aloxados os grupos convocados, ateneístas e xornalistas. No mesmo escenario desenvolvéronse as sesións de traballo duns e outros, as sesións conxuntas e os eventos de máis relevancia como acto inaugural, proclamación do ganador do PREMIO DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA e clausura dos encontros con relatorio, cea e espectáculo.

E como colofón, unha pincelada de logros:

- Impulso notable á Asociación (A.I.F.A.) nos seus compromisos de crecemento e intercomunicación.
- A primeira REVISTA internacional realizarase no segundo trimestre do 2007 para distribuírse no verán coincidindo co próximo encontro en Asunción (Paragüay) os días 27, 28 e 29 de xullo.
- Establecéronse lazos de colaboración cos medios de comunicación, fundamentais na difusión da cultura e acordouse por m:unanimidade, logo dun rico debate, a publicación dun manifesto conxunto de Ateneos e xornalistas.
- Abríronse vías de crecemento da Asociación e mecanismos de expansión dos ideais que perseguimos.

Oxalá consigamos contaxiar por todo o mundo a nosa ilusión e a nosa fe para facer da CULTURA o bálsamo de cohesión e hermanamiento dos pobos. ⌘

O ATENEO DE PONCE DE PORTO RICO CELEBROU NO ANO 2006 O SEU 50 ANIVERSARIO ¡PARABÉNS!



Mensaje del Presidente



El Ateneo de Ponce celebra su Aniversario de Oro. Ha cambiado mucho Ponce, Puerto Rico y el mundo en estos cincuenta años de existencia. Las efemérides como esta nos dan la oportunidad, no sólo de celebrar nuestra supervivencia, sino que, además, nos permiten evaluar nuestras ejecutorias y determinar si es necesario alterar el rumbo que hemos llevado hasta el momento. El Ateneo de Ponce tiene como objeto la cultura y creo que lo más importante que tenemos que evaluar es si hemos contribuido significativamente a la cultura de Ponce, de la región sur y de Puerto Rico. Si repasamos de modo cuantitativo y cualitativo las actividades de esta Institución, creo que es innegable que hemos hecho una contribución significativa a la cultura.


El Ateneo de Ponce ha servido de agente aglutinador para que poetas, artistas, humanistas, científicos y eruditos de todo tipo compartan sus conocimientos e inspiración con la ciudadanía. Sin pretender ser una organización de separación clasista ni elitista, hemos contribuido a elevar el nivel cultural de nuestra región. Es de esperar que ese contacto con la cultura redunde en una sociedad más justa y mejor.

Uno de los aspectos que más he disfrutado en el Ateneo de Ponce es el gran número de personas que he conocido. Algunos de los recursos que han participado en nuestras actividades son ateneístas, otros no, pero todos ellos han impactado mi ser y estimo que soy una mejor persona por haberlos conocido y haber podido compartir con ellos. Esas amistades que he logrado por medio del Ateneo han sobrepasado las barreras profesionales, de la ciudad y aún de la nación. Es una verdadera alegría compartir con estas figuras que con humildad y gran sentido pedagógico comparten sus conocimientos y su inspiración. Si alguien me preguntara *¿cuál es la mejor razón para unirse al Ateneo de Ponce?*, tengo que responder que es la oportunidad de compartir con personas tan interesantes y conocedoras. Quizás, como presidente, esa oportunidad es mayor, pero estoy convencido de que todos los ateneístas la tienen.

Creo que, durante los próximos cincuenta años, Ponce, Puerto Rico y el mundo seguirán cambiando; espero que esos cambios sean para el bien de todos. El Ateneo de Ponce no sólo será testigo de esos cambios, sino que los documentará por medio de una gran gama de actividades. Este Organismo continuará siendo arista de amistad y de divulgación de conocimientos, experiencias e inspiración.

José R. Escabí Pérez

REVISTA DO ATENEO AMICUS "NABOR CARRILLO" DE MÉXICO D.F.



Unha viñeta do interior da Revista do Ateneo Amicus





LUNARIO

Nova, rapariga de saia azul
sorriso en calma, pintando estrelas
co ocre terra e o verde árbore
misterio no veo dos ollos
xeo, bola de cristal,
perla na cuncha da creación
figura intercambiable,
do xadrez pantasma.
Chegaches como o sorriso do gato
en **cuarto crecente**,
coma embigo do mundo
gota branca, vidro espido e grafffiti delicado.
Columnata, expectante esceario
mancha ovalada, **chea** cromática
en explosión de bloques matrices
arte descoñecido, gravidade sostida
que mostra-la vida,
inquedo ritual, danza do lume
arqueoloxía sen data
abatida en **cuarto menguante**
o ar fíxoche unha cuna,
durme pequena, durme...
mecida no conto apocalipse
vermella pel
coreografía de centauros
odalisca do pintor primeiro
o mármore desbastado no crepúsculo
redes de pescador tendidas
son alfombra dos teus soños de prata.
Diana, musa metafísica
resposta á *vanitas* de Claesz
montada a cabalo persorre-lo orbe
metamorfose na caixa escura
mçirasme no contorno
dun fino pincel xaponés
nostálxico Foujita.

Exténdese diante de tí
a montaña da Santa Victoria.

O LAGO THUN

Abandono. Coma un neno na néboa
despedida entre dúas ourelas
figura deforme nos espellos-pasado
baña a escea
o ser chamado á existencia.
A sala dos xigantes e cíclopes
rodeadas por rochas desprendidas e furiosos raios.
EVANESCENCIA
Paisaxe pluvial de letra mollada
a favor da risa
canda a marxe do papel pintado
carne efémera do cazavolvoretas
e ás de manteiga derritida.
Inesperada beleza
a favor da luz
voltar á casa,
entrega-la man
deixa-lo esquema cromático
vida branco negro
coma os xogadores de cartas
que escreben no reverso
abri-la porta e se-la man entre vimbios
a gran masa negra
crista brilante dos invisibles, flotando
coma medusas bidireccionais
claroescuro en avance: paz e palabra.

Arantxa Serantes

De nuevo quieren manchar
mi tierra con sangre obrera
los que hablan de libertad
y tienen las manos negras.

Los que quieren dividir
a la madre de sus hijos
y quieren reconstruir
la cruz que arrastrara Cristo.

Quieren ocultar la infamia
que legaron desde siglos,
pero el color de asesinos
no borrarán de su cara.

Ya fueron miles y miles
los que entregaron su sangre
y en caudales generosos
multiplicaron los panes.

Ahora quiero vivir
junto a mi hijo y mi hermano
la primavera que todos
vamos construyendo a diario.

No me asusta la amenaza,
patrones de la miseria,
la estrella de la esperanza
continuará siendo nuestra.

Vientos del pueblo me llaman,
vientos del pueblo me llevan,
me esparcen el corazón
y me aventan la garganta.

Así cantará el poeta
mientras el alma me suene
por los caminos del pueblo
desde ahora y para siempre.

(1973)

Caminando, caminando
voy buscando libertad,
ojalá encuentre camino
para seguir caminando.

Es difícil encontrar
en la sombra claridad
cuando el sol que nos alumbra
descolora la verdad.

Cuánto tiempo estoy llegando
desde cuándo me habré ido
cuánto tiempo caminando
desde cuándo caminando.
Caminando, caminando.

(1970)

El verso es una paloma
que busca donde anidar.
Estalla y abre sus alas
para volar y volar.

Mi canto es un canto libre
que se quiere regalar
a quien le estreche su mano
a quien quiera disparar.

Mi canto es una cadena
sin comienzo ni final
y en cada eslabón se encuentra
el canto de los demás.

Sigamos cantando juntos
a toda la humanidad.
Que el canto es una paloma
que vuela para encontrar.
Estalla y abre sus alas
para volar y volar.
Mi canto es un canto libre.

(1970)

Víctor Jara



RECOMPILACIÓN DE *POEMAS POLA MEMORIA*
(1936-2006)

Cantigas de escarnio e maldecir, 1968
Asinado como “Arístides Silveira”

Olla meu irmáu honrado
o que acontez con Daniel:
os que o tiñan desterrado
agora falan ben del.

O palurdo de alma lerda,
o tendeiro desertor,
o vinculeiro da merda
disfrazado de señor.

O lurdo carca refrito,
o monifate de entroido,
o aprendiz de señorito,
marqués de quero e non poido.

O badoco endomingado,
o fascista pousafol,
o forricas desleigado,
o pequeno burgués mol.

O devoto do onanismo,
o feligrés de pesebre,
o tolleito de cinismo
o que dá gato por lebre.

O rateiro de peirao,
o ferugalloincivil,
válense de Castelao
para esconder a caste vil.

Escoita puto nefando,
criado na servidume
non pasará o contrabando
dise teu noxento estrume.

Grotesco escriba sandéu,
inxertado nun raposo.
Castelao nunca foi teu,
porque Castelao é noso.


I anque a ti che importa un pito,
sabrás que é cousa sabida,
que estás incurso en delito
de apropiación indebida.

A IMAXE



Patiño

O Barco da Memoria, o Hidria Segundo, pasa fronte ao Castelo de San Felipe



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org